

Código Cero

Revista de Novas Tecnolóxicas de Galicia - <http://www.codigocero.com>

NÚMERO 44 ABRIL/MAIO 2006

Días das Letras Galegas + Día de Internet

O 17 de maio, a cultura métese na Rede
(A Xunta conmemórao no real... e no virtual)

Retrato do bitacoreiro galegofalante
Facemos acampada libre entre o blogomillo

Crónicas da feira de videoxogos E3
Os tres camiños do lecer tecnolóxico

Canto vale ser o primeiro?
Métodos e consellos para saír nas buscas de Google

ELACULTURA



A lingua galega, alicerce da nosa cultura



www.compostelacultura.org



CÓDIGO CERO revista de novas tecnolóxicas de Galicia

Director

Xosé María Fernández Pazos
(director@codigocero.com)

Subdirectores

Marcus Fernández
(webmaster@codigocero.com)
Carlos Ballesteros
(cballesteros@codigocero.com)

Redactores-Xefes

Fernando Sarasquete
(redaccion@codigocero.com)
Carlos Lozano
(cuetorubio@yahoo.es)

Redacción

Xabier Alcalá
(Telecomunicacións)
Damián Fernández (Linux)
Manolo Gago (Opinión)
Emiliano Gómez (Informática)
David Lombardía (Nova
Economía)
Moncho Paz (Opinión)
Modesto Pena (Redes)
Víctor Salgado (Dereito)

Colaboraron neste número:

Enrique Dans, Fernando Garrido,
Manolo Gago, Marcus Fernández,
Raquel Noya e Fernando
Sarasquete

Supervisión lingüística:

Sonia Pena.

Fotografía:

Adolfo Enríquez Calo, Joferpa.

Edita:

Grupo Código Cero Comunicación
UNINOVA.
Polig. Ind. do Tambre Vía La
Cierva, s/n (recinto Mercagalicia)
Código Postal: 15890 - SANTIAGO
Tel. 981 51 96 00/93 63 24
Fax. 981 55 77 07
Móbil: 690 60 71 02
http://codigocero.com
redaccion@codigocero.com

Deseño Gráfico:

eNISA. Servicios Infográficos
Rúa do Río, 30 - SANTIAGO
Teléfono: 981 554 444
correo@mundografico.net

Imprime:

Celta de Artes Gráficas, S.L.
Rúa Colón, 30 - VIGO
Teléfono: 986 81 46 00
Fax: 986 81 46 38

Número 44

Abril/Maio 2006

Publicación periódica
Depósito Legal: C-2301/01
I.S.S.N. (edición impresa): 1579-7546
I.S.S.N. (edición dixital): 1579-7554

neste número...



Este que escribe esta editorial paseaba o outro día por Santiago cun feixe de revistas de Código Cero para repartir nun encontro tecnolóxico internacional. Non puído chegar á meta co feixe intacto, posto que polo camiño unha parella de mediana idade exerceu o seu dereito a levar uns cantos exemplares, case ó voo, "para eles e para a familia". Un servidor entregoullos e estaba xa a piques de seguir o seu camiño cando esta mesma parella lle preguntou: "E vostede que traballa nunha revista de cousas tecnolóxicas, pódenos explicar en que raio consisten os blogs, esas cousas das que tanto falan os nosos fillos e os seus amigos?". E aquí remata a historia, un relato non moi interesante (a verdade sexa dita), que non ten

clímax nin final apoteósico, pero que serve para poñer de relevo esta cuestión: a xente quere saber, e os galegos queren que lles expliquen que é a blogosfera e o *blogomillo* e a cousa bitacoreira. O fenómeno, como se pode deducir, está a crear certa expectación, non moita, pero que dalgún xeito chega para darnos os pretextos e os folgos para dobrar as mangas da camisa e mergullar os brazos até o fondo no caldeiro da blogosfera, co fin de facer unha especie de análise seudocientífica. Poderedes ve-lo resultado desta prospección da páxina 15 en adiante, un macroespecial sobre a cuestión que, se cadra, servirá para resolver dúbidas dos lectores e, de paso, dos membros desta redacción de Código Cero na que, para ben ou para mal, se inclúe este que escribe.

A revista que tendes nas mans, que chega con esta análise blogosférica, ó seu número 44, péchase (ou ábrese) con outro especial sobre a confluencia de tres factores dignos de ser tidos en conta, o vindeiro 17 de maio: o Día das Letras Galegas, o Día de Internet e o Día das Telecomunicacións. Para non enleñar máis as cousas do que están, veredes que nas páxinas interiores decidimos deixalo todo en suma de dous elementos (Día da Rede e Día das Letras), co fin de presentar dun xeito máis claro o programa de actividades que a Xunta e outras institucións e empresas teñen preparado para conmemorar esta dobre (ou tripla) festividade. De entre tódolos acontecementos salientables, gústanos falar da posta en marcha de Mancomun.org, portal

que nace coa vontade de ser o punto de encontro de tódolos galegos e galegas que desenvolven ou empregan programas de software libre. Asemade, a Consellería de Innovación tamén quere que sexa unha porta de acceso, un sitio onde petar para quen queira ampliar os seus coñecementos sobre este tipo de programas, xa que é constatable que un dos principais atrancos do código aberto para espallarse de xeito definitivo é, precisamente, a pouca información que lles chega sobre o tema ós usuarios potenciais destas ferramentas. En Mancomun.org, ademais, poderemos descargar os desenvolvementos en *open source* que xurdan de Galiza ou que sexan traducidos ó galego.

sinatura convidada

A verdadeira importancia de Internet, Enrique Dans, profesor do Instituto de Empresa **4**

novas

Resumo de actualidade de e-comercio e de empresas relacionadas coas novas tecnoloxías **5**

reportaxes

(17 de maio) Mancomun.org: o portal galego de acceso ós desenvolvedores e usuarios (reais e potenciais) de software libre **9**

(17 de maio) A Consellería de Innovación quere que a cultura forneza o emprego das redes... e ó revés **10**

(17 de maio) Internet ofrece completa información sobre Manuel Lugrís **11**

(Publirreportaxe 17 de maio) A escolma da obra de Lugrís, en formato moi especial **12**

(Publirreportaxe 17 de maio) Curtas na Rede: unha iniciativa onde se mesturan a creación audiovisual e Internet **13**

(Publirreportaxe 17 de maio) A Carpa da Praza do Obradoiro, punto de encontro do audiovisual **14**

Especial blogofera galega

· Blogueiros galegos: retrato robot **15**

· Juan Varela fala en Santiago de "identidades de dominio público" **16**

· Blogolladas (detalles collidos ó voo nun congreso bitacoreiro galego) **17**

· Blogolladas II **18**

· A relevancia do blogomillo e a súa análise **19**

· Repasamos algún dos blogs novos (e non tan novos) visitados os últimos días **20, 21 e 22**

· Europa Press e varios concellos galegos poñen en marcha un sistema de blogs para os cidadáns **23**

A party-cipación avanza (resumo tardío das cousas que pasaron en Xuventude Galiza Net) **25**

A Estrada Dixital faise máis "dixital" coa inauguración de novas instalacións e servizos **26**

Microsoft en vivo: a multinacional pon en marcha a estratexia Live **28**

nova economía

Canto vale ser o primeiro nos buscadores de Internet? **29**

xogos

Crónicas dende a feira E3: os tres camiños do lecer tecnolóxico **30**



<http://www.flickr.com/photos/andyarmstrong/127644260/>

Enrique Dans

profesor do Instituto de Empresa <http://www.enriquedans.com>

Hai dez ou quince anos, moi poucos dos que hoxe están a ler estas liñas tiñan algo como Internet no seu escenario cotiá. Hoxe, se a rede e o correo electrónico non funcionan, moitas desas mesmas persoas terán posiblemente a tentación de irse para a súa casa, ante a práctica imposibilidade de desenvolver o seu traballo. Para outros máis novos, que naquela época nin sequera se tiñan incorporado ó mundo laboral, a sensación será aínda peor: nin sequera teñen referencia de cómo se podía traballar antes de que Internet existise. Efectivamente, Internet está en todas partes, volveuse ubicuo, empregámolo para traballar, para procurar información, para o lecer, para a comunicación, e esta semana, na que se celebra o Día de Internet coincidindo co Día das Letras Galegas, é un bo intre para pensar niso.

Porén, a verdadeira importancia de Internet non é a de ser un fenomenal medio de comunicación, rápido, sinxelo e eficiente. Tampouco provén do impresionante feito de terse convertido na enciclopedia universal, onde tódolos contidos xerados pola man do home comezan a estar cada vez máis dispoñibles para calquera que os saiba buscar sen erguerse da súa cadeira. Nin da posibilidade de achegarnos a mundos virtuais nos que nunca estivemos antes ou poderíamos estar, a facer cousas imposibles ou impensables rodeados de compañeiros de xogos ós que endexamais lles vimos a faciana. Non, non é iso. Malia ser cuestións de extraordinaria importancia que afectan ó noso xeito de vida, a como traballamos ou como empregamos o noso tempo de lecer, o poder de Internet vai alén de todo isto, e é algo que estamos unicamente comezando a rabuñar timidamente: a posibilidade de cambiar completamente a sociedade na que vivimos.

A verdadeira importancia de Internet



<http://www.flickr.com/photos/pinprick/135690813/>



<http://www.flickr.com/photos/modrak/131571374/>

Pense na maneira en que recibe información, a forma que ten de relacionarse cos medios, coas empresas, cos políticos... que percebe nela? Fundamentalmente, unha brutal asimetría. A evolución do mundo e a tecnoloxía, sendo efectivamente extraordinaria,

“dábanos a venia” ou se, pola contra, ignorábanos sen máis.

Que cambiou realmente Internet? Internet deulle voz a calquera que queira tela. Non a todos por igual, porque non debemos esquecer que existe aínda unha importante porcentaxe de poboación que aínda non accede á rede _por falta de medios ou, en moitos casos, por factores culturais que inciden nunha ausencia de interese_ pero si a unha crecente maioría. Unha maioría de persoas que son quen, cunha formación mínima, de expresar os seus intereses, inquedanzas, conversas e problemas no meirande escaparate endexamais creado, accesible dende calquera punto do mundo onde xere algunha atención. Polo momento, a maioría da poboación asiste impávida ó nacemento de “nanomedios” de comunicación, persoas que, simplemente, deciden pasar de receptores a emisores, a contar a súa vida ó mundo, a participar na meirande conversa global de tódolos tempos sobre os temas máis variados. Pero en pouco tempo, en menos dunha xeración, iso será o normal, e o raro será que alguén decida ficar á marxe de algo así.

Internet deulle voz ás persoas. E, malia que polo momento moitas de estas persoas fiquen aínda dubitativas e pensando que van facer con esa voz, o cambio xa está sementado, xa está abonado. O futuro xa está aí, e é unha sociedade verdadeiramente participativa. Benvidos á conversa.



<http://www.flickr.com/photos/mangee/141932931/>

INTERNET DEULLE VOZ ÁS PERSOAS. E, MALIA QUE POLO MOMENTO MOITAS DE ESTAS PERSOAS FIQUEN AÍNDA DUBITATIVAS E PENSANDO QUE VAN FACER CON ESA VOZ, O CAMBIO XA ESTÁ SEMENTADO, XA ESTÁ ABONADO.

tennos levado a un mundo no que vivimos asimetricamente. Dende a primitiva ágora grega, na que os cidadáns participaban de xeito directo na política, ata agora, que os políticos “véndennos” a través de campañas e mitins uns programas que só podemos validar co noso voto cada catro anos, a diferenza é evidente: o mundo volveuse unilateral, non participativo. Por unha banda, mentres uns están producindo contidos, produtos ou servizos, outros agardan _pola outra_ para consumilos. Mercar e calar. Votar e calar. Oír e calar. As empresas, os medios, os políticos non falaban coas persoas máis que nunha sucesión de mensaxes de un a moitos, impersoais, aburridos, calcados polo mesmo patrón. Se algo non nos gustaba, ficabamos co noso “dereito á patexada” e a empresa que “non se rebaixaba” a falar cosas persoas, decidía se grazosamente concedía ou non a mercede de facernos caso,

rto, saír, teclado, q
 mpouco, laranxa, fio
 ipo, carozo, mensaxe, i
 oncretar, medrio, fuso, m
 acer, talento, aínda, acougar, limpeza
 noite, alborada, marchar, man, calend
 inventar, valado, gran, xornal, auga,
 vento, saír, teclado, quenda, mar, rec
 tampouco, laranxa, fio, xenio, petar
 destempo, carozo, mensaxe, nécora,
 io, fuso, martelar, beir
 limpeza, faceta, chave
 an, calendario, preme
 rmal, auga, compañei
 i, mar, receita, azul, si
 io, petar, máis, memori
 a, asento, traxe, herbi
 beiramar, laxo, encom
 chave, manteiga, sinte
 ner, bico, zapato, lisc
 airo, ceibar, moito, car
 quera, entreter, casa, b
 , riso, fala, xantar, e
 erba, arroutada, chu
 encomenda, argallar, e
 i, síntese, penedo, tu
 apato, liscanzo, nexo
 ber, moito, carón, bañ
 entreter, casa, buque, f
 fala, xantar, espazo, i
 outada, chuvia, domi
 la, argallar, emoción,
 se, penedo, tusir, pec
 canzo, nexo, albiscar,
 rón, bañeira, lúa, acor
 uque, fiestra, destaca
 pazo, chamada, mel
 la, domingo, lonxe, m
 oción, anuncio, facer, t
 peche, chegada, noi
 albiscar, parte, rexurdi

mar, receita, azul, sequera, entreter, casa, buque, fiestra,
 petar, máis, memoria, riso, fala, xantar, espazo, chamada,
 asento, traxe, herba, arroutada, chuvia, domingo, lonxe,
 beiramar, laxo, encomenda, argallar, emoción, anuncio,
 i, chave, manteiga, síntese, penedo, tusir, peche, chegada,
 emer, bico, zapato, liscanzo, nexo, albiscar, parte, rexurdir,
 añeiro, ceibar, moito, carón, bañeira, lúa, acordar, lapis,
 il sequera entreter casa buque fiestra, destacar, silva
 azo, chamada, mel
 omingo, lonxe, men
 n, anuncio, facer, tal
 ne, chegada, noite, p
 ar, parte, rexurdir, ir
 a, acordar, lapis, ver
 ra, destacar, silva, tr
 ada, mellor, destem
 nxe, meniña, concre
 o, facer, talento, ain
 da, noite, alborada, r
 urdir, inventar, valado
 s, vento, saír, teclado
 , tampouco, laranxa, f
 destempo, carozo, m
 ña, concretar, medric
 talento, aínda, acouga
 te, alborada, marchar,
 ir, inventar, valado, q
 vento, saír, teclado, q
 tampouco, laranxa, fio
 tempo, carozo, mens
 concretar, medrio, fuso
 ito, aínda, acougar, lir
 alborada, marchar, man
 r, valado, gran, xorn
 r, teclado, quenda, mar,
 aranza, fio, xenio, petar
 zo, mensaxe, nécora,
 edrio, fuso, martelar, beir
 gar, limpeza, faceta, chi
 char, man, calendario,
 gran, xornal, auga, com

As palabras son para usalas.

O 17, o 18, o 19, o 20...

**Na casa, no traballo, na escola,
no médico, no mercado, no xulgado...**

Na Vida.

A VIDA VAI EN GALEGO



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística



Chega a España RealMusic

RealNetworks comeza a comercializar en Europa o servizo RealMusic, que consiste nunha especie de radio á carta por 11,99 euros/mes. Os usuarios do novo servizo poderán ter acceso a preto de 300 canles de música cunha calidade próxima ó CD, ofrecendo tamén vídeos musicais, pero polo momento só se poden escoitar os temas a través da Internet, e non é posible a súa descarga, polo que non se trataría dunha tenda musical, senón dunha especie de servizo avanzado de fío musical (de feito, RealNetworks conta cunha licenza para radio non interactiva para achegar RealMusic ó mercado español). <http://www.realmusic.es/>



Xa se poden facer consultas médicas a través do teléfono móbil

Co gallo do Día de Internet lanzarán un revolucionario servizo que permitirá ós usuarios de móbiles con cámara realizar consultas médicas a través de Doctor MMS sen precisar desprazarse. Esta solución sería especialmente atractiva para persoas con problemas de mobilidade, de xeito que poden fotografar a súa afección co seu móbil ou cámara dixital para remitir a imaxe ó seu doutor, chegando a información ó médico a través do correo electrónico (polo que incluso se pode acceder ó servizo dende un PC). Nun principio o servizo funciona só para facultativos que se dean de alta no sistema de Doctor MMS. <http://www.doctormms.com/>



Anuncian os gañadores dos Webby



Por fin se coñecen os gañadores dos premios Webby que veñen a ser algo así coma os Oscar da Internet, destacando nas súas principais categorías ó grupo musical Gorillaz (artista do ano, en <http://www.gorillaz.com/>), a MySpace.com (como o elemento máis revolucionario, en <http://www.myspace.com/>), a Mark Cuban (coma o mellor emprendedor, en <http://www.blogmaverick.com/>), ó doutor Robert E. Kahn (pola súa labor de toda unha vida grazas ós seus traballos no desenvolvemento da tecnoloxía que permite a Internet actual, en <http://www.cnri.reston.va.us/bios/kahn.html>) e ó escritor e xornalista Thomas L. Friedman (como o personaxe do ano, en <http://www.thomasfriedman.com/>).

No resto de categorías acadaron o seu recoñecemento moitos servizos e webs que pouco sorprenderon, coma Flickr (<http://www.flickr.com/>), Google Earth (<http://earth.google.com/>), Google Maps (<http://maps.google.com/>), PayPal (<http://www.paypal.com/>) ou The Onion (<http://www.theonion.com/>), mentres que sorprendeu lixeiramente que unha páxina como a de Epicurious (dedicada á comida, en <http://www.epicurious.com/>) acadase dous premios. Tamén o famoso blog de PostSecret.com acadou un galardón fora das categorías dirixidas ás bitácoras de Internet, recoñecéndose o seu mérito dentro do NetArt. Agora haberá que agardar ó 12 de xuño para ver a gala de entrega dos premios, que non terá a emoción doutras galas semellantes (nas que non se coñecen os resultados previamente) pero que chamará a atención de moitos medios ó xuntar nun mesmo lugar a figuras moi representativas da Internet. Máis datos en <http://webbyawards.com/>

Un programa informático galego permite calcular a estabilidade dos barcos de pesca

Unha empresa de O Temple (A Coruña), Universo Digital Software, está a levar adiante un proxecto de investigación para desenvolver un sistema informático para os buques pesqueiros que permitirá coñecer en cada momento a estabilidade das embarcacións e indicará as manobras precisas para estabilizar as naves e evitar así moitos naufraxios. Esta investigación conta co apoio do Plan Galego de I+D+i da Consellería de Innovación e Industria a través do Programa de Tecnoloxías da Información e das Comunicacions. Xornal.com da máis detalles sobre este interesante proxecto. Máis información en <http://www.universodigital.com/>

Contemporriño: un festival para conmemorar a arte e as letras galegas da man da nova tecnoloxía

Dicía Paulo Querido que o código é poesía. Non sabemos se Contemporriño chegará a eses extremos no que se refire a sublimar a linguaxe tecnolóxica (os propios soportes inflúen no artista dunha maneira que nunca se viu antes), pero o que si que é certo é que as novas ferramentas están a reformular a nosa maneira de desfrutar da arte e da cultura. Diso tratará, en boa medida, este festival que organizan _entre o 12 e o 17 de maio_, Insomnia e Clave Records para a Concellería de Cultura do Porriño. Diso e de festexa-la cultura galega, a través de novos formatos e novas expresións. Haberá videoarte, pintura, graffiti, fotografía, obradoiros-sesión de DJ e VJ, charlas e unha xornada de software libre. Amais, proxectaranse curtas e desenvolveranse todo tipo de actividades na liña de festexar dúas cousas, nunca excluíntes: a arañeira e as letras e as artes galegas.



G3: un buscador que informa de todo o que está a publicar na rede galega

Vía Ramón Antonio Parada e Chuza! descubrimos que está na Rede un buscador autóctono, o G3: O pequeno buscador, achádego que dalgún xeito nos leva a contraria a tódolos que pensamos que Paxinas.com e Sinxelo.com fan ser os primeiros e o únicos desta liña. Porén, é probable que as aspiracións do G3 non sexan as de competir cos xigantes de Internet (nin sequera con Paxinas.com), pero vén de incorporar novas e interesantes funcións (vemos que recolle todo o que se vai pendurando na rede galega coma un parte de novas actualizado ata o imposible) e presenta unha limpeza de formas e contidos que é de agradecer nun panorama web moi saturado onde o ollo humano semella non ter descanso. O G3 é, neste senso, unha especie de retorno á sinxeleza (ó solaz do ollo). Téndelo en <http://ramonantonio.net/g3/>



Paxinas.com: nova ferramenta de pescudas web dende Galiza

Vía Chuza! tamén atopamos un novo servizo referido ó universo bitacoreiro que, así de súpeto logo da actividade rexistrada no encontro EnBlogs'06, ben podería confirmar a idea de que a Internet en Galiza é un fervedoiro de cousas e acontecementos. Paxinas.com é un buscador de páxinas web desenvolvido no noso país que estará operativo en breve e que poderá ser consultado libre e gratuitamente. Paxinasbot, o enxeño propio deste servizo, xa está a chamar ás portas das webs galegas (indexa que te indexa) para solicitarlle ós *webmasters* os seus datos e favorecer logo, cando estea operativo o buscador, os procesos de busca por parte dos usuarios da Rede. Paxinas.com é un desenvolvemento de 3.14 Financial, con sé en Ferrol e especializada en achegar ferramentas tecnolóxicas ó sector financeiro. Podemos empregalo en www.paxinas.com



Sinxelo.com: un buscador galego en probas que ofrece información de aquí

Falamos de Paxinas e do G3, buscadores con etiqueta galega (o primeiro en preparación e o segundo operativo), mais non é posible falar do (re)xurdimento destas ferramentas na nosa rede sen facer referencia a Sinxelo.com. Este servizo, que se atopa en fase de probas, está desenvolvido principalmente para cubri-las demandas de información dos internautas galegos. Ou sexa, que é como un conversor do universal en local, ou unha interesante maneira de ver o mundo e achegarse a el a través do filtro da nosa lingua e cultura. O buscador inclúe anuncios, relacións de eventos, información do tempo e permite procurar páxinas e bitácoras galegas. Téndelo, claro, en www.sinxelo.com





* 2006, 2007, 2008, 2009, 2010... Este e todos os anos están feitos para as nosas Letras. O noso compromiso é estender a cultura e a lingua galega. Así o facemos aquí e fóra, dinamizando e impulsando bibliotecas, apoiando a creación ou activando campañas de animación á lectura. Contigo a cultura galega ten máis días.
www.17demaio.org



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

A UDC anuncia a posta en marcha dunha oficina e un portal web de software libre

A Universidade da Coruña (UDC) semella estar mergullada en pleno proceso de divulgación do emprego do software libre entre a comunidade estudantil. Así se desprende das declaracións do reitor, José María Barja, quen anunciou hai uns días a inminente creación dunha Oficina de Software Libre, un portal web institucional e máis a personalización dun desenvolvemento GNU/Linux adaptado ás necesidades dos alumnos e profesores da UDC e redactado en galego. Estas novidades foron dadas a coñecer durante a presentación doutro proxecto (xa consumado e xa visible) que tamén toca de preto ós interesados galegos no código aberto. Trátase do *Libro Branco para o uso do software libre nos ámbitos da docencia, investigación e administración da Universidade da Coruña*. A cita foi nas estancias da Reitoría, onde Barja quixo salientar a posición de vangarda que ocupa a institución educativa que dirixe no que se refire ó emprego e divulgación do software libre, sendo as ditas actividades presentadas exemplos dun programa de meirande envergadura.

Adestran a dous cans para detectar o tráfico de discos piratas

A industria do audiovisual, na súa loita contra a piratería, está a tomar medidas abraiante, coma a que emprenderon no Reino Unido, onde a Federation Against Copyright Theft (Federación Contra o Roubo do Copyright) adestrou a dous cans labradores negros que con quen de ulir as substancias que compoñen os discos compactos, de xeito que Lucky e Flo poden detectar discos camuflados entre varias capas de embalaxes, aínda que non distinguen entre discos orixinais e piratas (polo que é preciso que os investigadores da FACT examinen os paquetes sospeitosos). Este novo xeito de detectar o tráfico de discos de almacenamento óptico serve especialmente para determinar os paquetes que deben inspeccionarse en aduanas e aeroportos como medida contra a piratería.

O Museo Virtual Científico galego-portugués, preto de ser unha realidade

Un espazo web para ver en que consiste a ciencia, para contemplala de preto, de utilidade para estudantes e (por que non?) tamén para profesores. Nisto vai consistir, máis ou menos, o Museo Virtual Científico que van poñer en marcha as universidades de Santiago de Compostela (USC) e do Porto, un proxecto que se basea nun dos principais valores do coñecemento: que se pode compartir (neste caso, o que se vai poñer en común é, precisamente, o patrimonio museístico das dúas universidades). Esta iniciativa, na que entrarán en breve as restantes universidades galegas (a de Vigo e a da Coruña) e do Norte de Portugal, ten como finalidade permitir ós investigadores e á comunidade universitaria en xeral acceder á información científica dispoñible nos museos da Eurorexión a través dunha web na que se habilitará “un sistema multimedia avanzado”, segundo sinala a USC nun comunicado. Cómpre sinalar que o devandito sistema incluírá buscador, imaxes, son dixital, animacións, gráficos e escenarios en tres dimensións, realidade virtual, etc. As institucións educativas participantes no proxecto forman parte da Fundación Centro de Estudos Eurorexionais Galicia-Norte de Portugal.

Fademga presenta unha ferramenta que permite o acceso dos discapacitados intelectuais á formación continua

Que pasa cando a Sociedade da Información semella feita a medida de uns e deseñada a contrapelo de outros? Que acontece cando as persoas que máis precisan de medidas que favorezan a súa inserción laboral (persoas discapacitadas) baten de fronte co paradoxo de que non se lles ten en conta na meirande parte das iniciativas de formación? Na liña de evitar que tanto as novas tecnoloxías como a educación profesional sexan como unha parede de cemento para estes colectivos galegos é onde hai que situar a ferramenta informática presentada hai días por Fademga, a Federación de Asociacións a favor das Persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia. Trátase dunha aplicación deseñada para facilitar o acceso á formación continua. Así, abriría vieiros para a adaptación de diversos cursos ás capacidades cognitivas dos membros destes colectivos, sendo un de riscos laborais o elixido para poñer a ferramenta a punto. Fademga, que contou coa colaboración das empresas galegas Interacción e Equantia en labores de investigación e desenvolvemento tecnolóxico do proxecto, quere empregalo para cubrir certos ocos na nosa sociedade: ata o de agora, opina a federación, atopar instrumentos que fixeran máis accesibles os procesos formativos destas persoas era ben complicado.

A aplicación foi presentada na sé de Fademga nunha xornada sobre a situación hoxe en día dos traballadores con discapacidade intelectual. A xornada contou coa presenza do xefe do servizo de Formación Ocupacional da Consellería de Traballo, Joaquín Vila, e do vicepresidente da devandita entidade, Elías Palacio Verdini. Ademais, afondaron nas súas vantaxes representantes de Interacción e de Equantia, e tamén varias traballadoras con discapacidade intelectual (Ana Isabel Núñez e Elena Loureiro) que valoraron moi positivamente esta nova canle de acceso ás novas tecnoloxías e, por conseguinte, a meirandes posibilidades de formación (hai que ter en conta que a informática fai máis doada calquera proposta educativa, posto que se poden completar os cursos dende calquera lugar, incluso dende a casa, e, amais, o propio manexo dos computadores é un factor educativo en si mesmo, xa que fornece a preparación laboral dos traballadores).

Rexeitan a creación dun dominio .xxx

A directiva da ICANN (organismo que regula os nomes de dominio da Internet) rexeitou por 9 de 15 votos a proposta de creación dun dominio de primeiro nivel .xxx que estaría destinado para páxinas web de contido pornográfico. A proposta deste dominio leva anos a debaterse no seo da ICANN, e habitualmente se ve demorada, principalmente polos sectores máis conservadores do organismo, que consideran que de aprobarse o dominio de primeiro nivel estaríase dando lexitimidade á pornografía, aínda que por outra banda tamén contaría coa vantaxe de que sería máis doado evitar este tipo de páxinas, xa que quedarían claramente marcadas polo sufixo .xxx.

A Rúa disporá o vindeiro outono de tecnoloxía de R operativa

A operadora R comezará en breve a dar servizo en A Rúa. Isto significa que preto de 2.200 fogares e empresas poderán ter acceso ós servizos integrados de teléfono, Internet de alta velocidade e televisión temática multicanle. A previsión sobre a posta a punto desta infraestrutura de fibra óptica é a de que estea operativa no vindeiro outono. Dicar que as obras xa comezaron en marzo e que levan consigo un investimento duns 1,23 millóns de euros. R despregará o seu cableado e equipos e realizará as canalizacións precisas para emprestar servizo, entre outras zonas, nas rúas Circunvalación, Camiño da Lagoa, Cervantes, Benito Fernández, Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán, onde xa remataron os traballos. Arestora, estase a traballar na Praza de Galicia e na Avenida de Pontevedra e en breve acometeranse as obras das rúas Brasil, Colombia e Progreso. Ademais, instalaranse cabinas telefónicas en distintos puntos do concello.

Tamén en Sarria

R tamén levará a súa fibra óptica a Sarria, calcúlase que a máis de 6.000 fogares e locais empresariais. Isto levará consigo conexión directa á rede de fibra óptica de R e servizos integrados de teléfono Internet de alta velocidade e televisión. O investimento será de 3,7 millóns. Os enclaves elixidos para efectuar o cableado son os seguintes: avenida de Becerreá e rúas Calvo Sotelo, Diego Pazos, Benigno Quiroga, Matías López, Pedro Saco, Marqués de Ugena e Rúa Nova. A previsión é que as obras comecen este mes de maio, para poder dar servizo en outono deste mesmo ano. Tamén se instalarán cabinas telefónicas de R en diversos puntos do concello.

O CMG acolle a presentación dunha guía de viaxes virtual para móbiles sobre Santiago e o Camiño



A nós os galegos, que somos cada vez máis viaxeiros pero tamén máis cómodos (gústanos levar na maleta de viaxes o imprescindible), a ferramenta presentada hai uns días pola empresa galega Gallegos e Cienfuegos no Centro Multimedia de Galicia pódenos resultar proveitosa.

Estamos a falar do SMIT (Sistema Móbil de Información Turística), unha aplicación multimedia para móbiles que pode ser empregada para o Camiño de Santiago, para a propia cidade de Compostela, Sevilla e as restantes Cidades Patrimonio de España. A ferramenta, que en breve tamén ofrecerá servizos sobre Lugo, baséase na seguinte premisa: aproveitar ó máximo as posibilidades dos móbiles actuais (cúmulos de prestacións) afórranos tempo e esforzos no “antes” e o “durante” das nosas viaxes e itinerarios. Na presentación dos servizos de SMIT para os turistas que veñan a Santiago déronse cita Fernando Martínez (da firma Gallegos e Cienfuegos), Francisco Candela (concelleiro de Turismo compostelán) e máis Manuel Xosé Fernández (director xeral de Comunicación Audiovisual), quen colabora dende o seu departamento na posta en marcha destas solucións.

A intervención de todos eles coincidiron nunha pregunta e nunha resposta: pode haber algún aparello tecnolóxico que estea tan espallado como para facer case universal unha guía de viaxes virtual que non pese e que se poda empregar dende calquera sitio?

A resposta é sinxela: os móbiles. Aí está o fundamento dunha aplicación que permite ver mapas e roteiros de acceso, axendas e información sobre hoteis e restaurantes; e que inclúe funcionalidades de sistemas de información xeográfica (conexión con GPS), de reprodutor mp3, de vídeo e de plataforma de base de datos. Ademais, os contidos son facilmente actualizados pola empresa, posto que se atopan en servidores da Rede.

Máis información (e descargas) en <http://geomovil.info> e <http://smit.es>



Mancomun.org: sé social do software libre en Galiza

A Web imita á vida. E viceversa. Mancomun.org, o novo portal sobre software libre que vén de promover e presentar a Consellería de Innovación, adapta para o mundo das redes o concepto de traballo colectivo levado a cabo, por exemplo, nas comunidades de montes. Neste caso non estamos a falar de explotacións gandeiras senón de ferramentas informáticas a disposición de todos e todas, pero o espírito da unión de persoas a prol dun fin común prevalece. Na posta en marcha do portal, que se inscribe dentro do programa de actividades para conmemorar o Día de Internet e o Día das Letras Galegas, a Xunta fixo fincapé nas súas esperanzas de que sirva para reducir a fenda dixital, para promover a lingua galega nas redes e para crear unha especie de sala de reunións virtual onde se dean cita os mancomunados. A fin de contas, até os usuarios da tecnoloxía máis avanzada precisan dun local ben cómodo onde reunirse. Aínda que sexa virtual.

Fin da dispersión e posible punto de encontro

Había certa dispersión no que se refire ás iniciativas de software libre en Galiza? É posible que si, mais tamén hai moito descoñecemento por parte da sociedade galega no que se atinxe ás vantaxes e recursos destas ferramentas. Segundo unhas investigacións presentadas por Elena Veiguela (directora xeral da Sociedade da Información) no acto de posta en marcha de Mancomun.org, a comunidade internauta galega quere saber. O portal Mancomun.org vai dirixido a cubrir ese oco de coñecemento, enchelo de contidos e de ferramentas prácticas, de noticias e (tamén) dos enderezos web e dos números de teléfono das persoas, colectivos ou empresas que elaboran programas de software libre. Dito doutro xeito: unha das principais finalidades de Mancomun.org é converterse en punto de encontro de empresas, administracións e usuarios que ofrezan produtos de *open source*, que os empreguen, que os consuman ou que (se é posible) os melloren.

Cine para convivir: pode o audiovisual facernos mellores persoas?

Cine para convivir é o nome dun proxecto para colexios e institutos que abrangue tres obxectivos: contribuir a normalización lingüística na educación en Galiza, fornecer a alfabetización audiovisual e promover a educación pola convivencia. A iniciativa, que se enmarca na celebración do Día das Letras Galegas e do plan Audiovisual nas aulas, consiste na distribución gratuita de películas en galego a colexios e institutos, públicos e privados, coa súa correspondente Unidade Didáctica. Para comezar, seleccionáronse os filmes P3K: Pinocho 3000 (Educación Infantil e Primaria) e Heroína (para Secundaria, Bacharelato e Ciclos Formativos). En Cine para convivir participan tantas entidades como obxectivos hai, e isto probablemente non é algo casual (cada entidade achega un liña de operatividade concreta): Secretaría Xeral de Política Lingüística, Consorcio Audiovisual de Galicia e Seminario Galego de Educación para a Paz. Coa iniciativa preténdese, ademais, que os centros educativos promovan conxuntamente medidas educativas para a convivencia e a cidadanía democráticas.



Vantaxes do software libre

Pode o software libre ser especialmente vantaxoso para Galiza? En que medida? Para Elena Veiguela, servirá para “crebar no posible a réxime de servidume do país coas empresas estranxeiras a través de licenzas”. Mancomun.org, ó seu xuízo, non é nin a primeira nin a derradeira das iniciativas do Goberno galego a prol da divulgación do código aberto. “Non pode selo”, comentou Fernando Blanco na presentación, “xa que sabemos que constitúe unha ferramenta poderosa para combater a fenda dixital e para promover o emprego do galego”. Tanto el como Veiguela manifestaron o seu convencemento en que na loita contra a exclusión dixital é importante a posibilidade real de descargar de balde unha serie de aplicacións. Quítase, dixeron, un obstáculo de diante. “Asemade, pode ser unha boa oportunidade para o sector do software galego, un sector no que non é preciso que operen unicamente as grandes empresas, senón tamén as medianas e tamén as pequenas”, dixo Veiguela. E proseguíu: “O software libre é de calidade, máis seguro ca outro tipo de software, onde non se pode entrar para resolver os posibles problemas ou buracos”. Asemade, tanto Veiguela como Blanco defenderon o código aberto como canle tecnolóxica que facilita a tradución ó galego de programas.

O portal en si mesmo: que ten e que pode chegar a ter?

Mancomun.org é, aínda, unha casa sen mobles. No acto de presentación os usuarios e os programadores de *open source* puideron ver a estrutura, a iluminación, a potencialidade, pero está por verse até onde se pode chegar. Os diferentes apartados onde clicar son coma eses carteis das obras onde se ofrece unha pequena explicación as actividades a levar a cabo. Onde máis actividade se rexistra é na sección de novas. Tanto nela como nas restantes convídase ós integrantes da comunidade internauta galega a participar do espírito de “mancomunidade”. O proxecto está baseado nun modelo de traballo en colaboración, compartido, aberto, estandarizado e público. Inclúe apartados de interese como *Software libre na peme*, *Movemento asociativo*, *Arquivos de novas ou Espazos colaborativos*. Trata de ser fonte de información non só para os usuarios reais ou potenciais, senón tamén para as institucións e as empresas galegas, cada vez máis demandantes de ferramentas de xestión de menor custo e de idénticas ou mellores prestacións. Un dos puntos máis salientables da web é o *Observatorio*, que ten o fin de estudar a realidade das empresas, os concellos, os centros educativos e a sociedade en xeral, en relación ó emprego do software libre. Asemade, cómpre salientar un elemento que ten máis importancia do que pode parecer a primeira vista: as axendas de eventos e os directorios de recursos, que constitúen o que se podería chamar “unha guía galega do código aberto”. No portal atopamos a fonda pegada das universidades galegas, do Cesga (Centro de Supercomputación de Galicia) e dos usuarios e asociacións de software libre do país, que segundo Fernando Blanco “foron os pioneiros no emprego e divulgación destas ferramentas”.

O 17 de maio, tradución do Open Office e corrector gramatical

Elena Veiguela anunciou, tamén, unha serie de actividades estreitamente vencelladas á posta en marcha de Mancomun.org. Algunhas delas coinciden (e non é casualidade que así sexa) coa tripla festividade do 17 de maio (Día das Letras Galegas, Día de Internet e Día das Telecomunicacións e da Sociedade da Información). Esa xornada tan completa foi a elixida para liberar a versión 2.0 de Open Office, o programa de aplicacións de oficina creado a partir do StarOffice de Sun e licenciado como código aberto. Asemade, presentarase o corrector gramatical en galego para a dita *suite* ofimática, que até o de agora non existía na nosa lingua. Cómpre sinalar que a distribución gratuita de CDs con estes programas por parte da Consellería de Innovación está prevista para a véspera da festividade, o día 16.

Menú dobre: Día das Letras Galegas + Día de Internet

En realidade, non son dous, senón tres pratos, os do menú do día 17 de maio: Letras Galegas, Telecomunicacións e Internet. Porén, para non complicar a situación máis do que está, decidimos reducir os conceptos a unha expresión mínima. A primeira festa, a das letras, é unha festa nosa, e as outras dúas son do mundo enteiro. De tódolos xeitos, tamén é posible opinar que a conmemoración da nosa cultura é un ben de todos, e que a festividade das redes é integramente galega. Sexa como sexa, van ser días axitados, os anteriores á xornada do 17 de maio. Haberá tantas actividades a celebrar que sería imposible dar conta de todas. Nós centrámonos nalgunha das máis importantes, aínda que sabemos que moitas ficarán no tinteiro e é ben triste que así sexa. Sen embargo, é posible que o mellor xeito posible de celebrar esta dobre festa, a parte de ler libros en galego, sexa a seguinte: conectándonos á Internet galega ó carón dunha persoa que nunca antes se conectou, para que vexa para que serve, para que vexa como brilla.



A Consellería de Innovación quere que a cultura forneza o emprego das redes... e ó revés

www.maisinternetmaisgalego.org

Primeiro foron las letras, neste caso as galegas, e logo viron as redes. Este ano, o 17 de maio, coinciden no noso país dúas conmemoracións ben distintas pero non totalmente excluíntes, polo menos ata que se amose o contrario: a festividade das nosas letras e a da Sociedade da Coñecemento. Segundo a Consellería de Innovación, non só constitúen dous eventos complementarios, senón que se refiren a conceptos que están destinados a camiñar xuntos. Así o dá a entender o departamento que dirixe Fernando Blanco dende a base mesma do programa de actividades. Ou sexa, dende o nome da web onde estas se recompilan, que é un tratado ideolóxico en si mesmo: Maisinternetmaisgalego.org. A páxina, que foi presentada por Fernando Blanco e por Elena Veiguela, directora xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, dará conta ó longo destes días de todo o que vai facer a Xunta para conmemorar o Día das Telecomunicacións, xornada que se fixo coincidir este ano _en todo o mundo_ co Día de Internet (polo tanto, malia que estamos a falar de dous festexos, en realidade cumpríra faltar de tres). O obxectivo destes eventos aparece resumido nas imaxes que acompañan a portada da dita web, nas que podemos ver fotomontaxes de Castelao cun computador portátil, Rosalía de Castro cun reprodutor de mp3 ou Manuel Lugo (o homenaxeado este ano 2006) cun teléfono móbil. Dito doutro xeito: para a Consellería de Innovación é importante que os galegos e galegas pensen en Internet cando pensen no fomento da súa cultura... e viceversa. Amais, o que se pretende é abrir espazos para a reflexión sobre o acceso a Internet "e as posibilidades que as tecnoloxías achegan de cara á normalización da nosa lingua". Entre as actividades máis salientables que ten detalladas a Consellería na dita páxina web cómpre salientar as seguintes:

- **17 conexións en galego.** Trátase dun espazo de reflexión no que 17 persoeiros das letras galegas irán achegando razóns para formar parte da Sociedade do Coñecemento ó longo dos outros tantos días que nos afastan do Día de Internet. A sección, que comezou con Pilar García Negro, permítenos descubrir un artigo inédito cada mañá, coma se fose unha nova razón ou motivo de peso para estar en liña. Iolanda Castaño, María Yáñez, Camilo Franco ou Manuel Bragado son algún dos colaboradores previstos. A temática será aberta, e non é de estrañar que así sexa, posto que a reflexión arredor das novas tecnoloxías permite tocar absolutamente tódalas cuestións que atinxen á cultura do país. Cómpre dicir que as propostas seguirán, en certa maneira, os formatos impulsados na blogosfeira, con ligazóns e inclusión dos comentarios de lectores e lectoras.
- **A tinta nas letras.** Trátase dun concurso que pon a proba ós internautas por medio da busca dun tesouro pola Rede e a obtención dunha serie de letras para descubrir unha mensaxe oculta. O certame está orientado, sobre todo, á comunidade escolar, aínda que ficará aberto a todas aquelas persoas interesadas en participar.
- **O galego no espello.** Trátase, como di a Consellería, dun concurso de propostas gráficas orientado a promover a reflexión sobre o que representa a lingua galega para os lectores e para saber que posibilidades de supervivencia lle albiscan. Este certame vai desenvolver en Vieiros.com, xornal electrónico galego que colabora nesta actividade. A iniciativa, que estará aberta



a tódolos cidadáns que desexen participar (e sen límites de idade), convidará ós internautas a enviar fotografías sobre a dita temática: o noso idioma mañá. Antes do día 17 de maio, un xurado decidirá cal é a imaxe gañadora tendo en conta valores como o significado, a orixinalidade ou a calidade do acabado. Cómpre sinalar que esta actividade tamén vai ir destinada a fomentar o debate, ó vir acompañada dun foro no que os internautas darán a súa opinión sobre as propostas presentadas.

- **Día de Internet nos Telecentros Galegos.** Os puntos de conexión a Internet de carácter público e universal _que constitúen a Rede Galega_ serán os escenarios dalgún dos eventos máis salientables cos que se quere conmemorar esta festa das letras e da información. Por exemplo: do 10 ó 15 de maio desenvolverase un concurso en liña con preguntas e respostas sobre os autores homenaxeados o Día das Letras Galegas. O certame irase desenvolvendo coa formación de equipos que buscarán obter o meirande número de respostas correctas. O único requisito que se pide é que o usuario estea identificado no portal Galicia Telecentro dende calquera destes puntos de conexión pública. O nome do equipo vencedor do concurso darase a coñecer o día 16 de maio.



- **Software libre.** A Consellería de Innovación, sobre todo a través do departamento que dirixe Elena Veiguela, semella estar dirixindo a vista cara a outro xeito de entender o desenvolvemento de ferramentas informáticas: o que propón o movemento de software libre. Logo de dar a coñecer, recentemente, que formará parte da Rede Internacional das Administracións Públicas polo Software Libre, a Xunta anuncia a presentación do portal Mancomun.org (o 10 de maio), un proxecto desenvolvido ó acubillo das celebracións do Día de Internet. O seu obxectivo fundamental é este: ser o lugar de reunión de usuarios reais e potencias de ferramentas de código aberto. Ademais, será o escenario de diversas actividades e proxectos, como tamén quere selo **a xornada que acolle a Universidade de Coruña (UDC)** sobre as aplicacións do software libre no eido da educación galega, tanto na investigación como a nivel administrativo. A sesión, que se celebra o martes 16, está organizada pola Dirección Xeral de Promoción Industrial en colaboración coas tres universidades galegas.



Caixa Galicia, contra a fenda dixital

Doce centros, dez obradoiros. Así, reducido ás súas partes mínimas, pódese presentar o *planning* de Caixa Galicia para conmemorar a dobre festividade tecnolóxico-cultural que nos toca tan de preto este 17 de maio: Día das Letras Galegas + Día de Internet. A entidade financeira preparou un programa de actividades orientado a dar a coñecer a importancia das novas tecnoloxías para a sociedade e a economía do noso país, así como diferentes xeitos, propostas e vieiros para reduci-la fenda dixital. Serán, como dixemos ó principio, dez obradoiros a celebrar a véspera do 17 de maio sobre temas como videoconferencias, bitácoras, prensa virtual ou emprego do correo electrónico. A continuación, facemos reconto dos eventos a partir do espazo que os acolle.

- **Ciberalia Coruña.** Os centros Ciberalia (en A Coruña e Lugo) forman parte da rede de instalacións que Caixa Galicia emprega para facilitar o acceso á Rede e a formación. O día 16 de maio, cun día de antelación á festividade que nos ocupa, o centro coruñés vai ser un dos máis activos de Galiza en actividades tecnolóxicas e culturais. Porén, o programa está orientado especialmente a poñer de relevo a seguinte cuestión: non todos os galegos temos as mesmas facilidades para acceder á información, acceso que é un dereito de todos e todas. Deste xeito, persoas discapacitadas presentarán unha serie de experiencias sobre as redes do coñecemento, como por exemplo o blog Internet e Discapacidade, que foi desenvolvido por estes colectivos de usuarios mentres se iniciaban no manexo das redes. Tamén haberá exemplos de videoconferencias e un relatorio, titulado *Rompemos o silencio*, impartido por persoas con discapacidade. O seu nome é elocuente abondo: estar en Internet é como falar alto e claro, logo de anos sen imaxinar sequera que fás atopar o teu sitio na Sociedade do Coñecemento.
- **Ciberalia Lugo.** O centro Ciberalia de Lugo vai ser, por así dicilo, o outro eixo galego dos acontecementos tecnolóxicos de Caixa Galicia. Celebraranse actividades como o obradoiro *De compras por Internet* que, como o seu propio nome indica, vai orientado a collernos da man nunha sesión práctica de como se merca na Rede, ofrecéndonos nomes propios de webs cen por cen seguras para levar a cabo estas operacións. Tamén haberá un torno de xadrez en liña, no que poderán participar un máximo de 30 persoas. O xogo desenvolverase en catro fases con partidas de tres minutos de duración. O taboleiro onde todos aprendemos a mover as fichas substituirase polo teclado.
- **Centros de maiores.** Segundo a entidade financeira galega, quen de verdade precisa de coñecementos tecnolóxicos non son precisamente os mozos e mozas senón os seus pais e, principalmente, os seus avós. E, máis importante que aprenderlles unha longa listaxe de recursos é aprenderlles para que serven as redes, que sentido teñen. Deste xeito, Caixa Galicia empregará a véspera do 17 de maio para levar a cabo actividades en dez centros de maiores que teñen ciberaula: A Coruña, Betanzos, Ferrol, Pontedeume, Santiago, Monforte, Lugo, Viveiro, Ourense e Pontevedra. Estes escenarios acollerán actividades dirixidas a formar ós maiores en informática, Internet e multimedia. Asemade, celebrarase nos centros de maiores e o Centro On de Caixa Galicia unha serie de obradoiros "lúdicos e formativos", entre os que se inclúen *Internet saudable*, *Pago de impostos e trámites administrativos*, *Prensa virtual*, *Comunicarse I: correo electrónico ou Comunicarse II: messenger*. Segundo informa Caixa Galicia, os cursos son de balde, e só fai falla preinscribirse neles enviando os nosos datos no boletín que se inclúe no enderezo www.obrasocialcaixagalicia.org, ben sexa por fax, por correo electrónico ou presentándoo no centro a onde esteamos interesados en acudir.

Celebracións a nivel español... e americano

Para saber o que vai acontecer esta xornada do 17 de maio a nivel español, nada mellor que conectarse á web diadeinternet.es, onde o Comité da Impulso da devandita xornada conta das principais actividades e dos nomes das institucións e empresas que colaboran no programa. Entre os apoios galegos, amais do da Xunta de Galiza, a través da Consellería de Innovación e da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, atopamos outros coma o da empresa Redcoruna, o de Caixa Galicia (a través da súa Obra Social), o de Caixanova e o dos Concellos de Vigo, Avión e Abegondo. A web, en realidade, quere ser un punto de conexión para a comunidade internauta iberoamericana, un proxecto colectivo para incrementar o uso das novas tecnoloxías entre usuarios potenciais do eido hispanofalante. Así, colaboran nesta celebración até 323 promotores de 22 países, poñendo en marcha actividades tan curiosas como **Regala Internet**, que pretende achegar a Rede ós colectivos con máis risco de exclusión dixital, empregando para tal fin ás persoas do seu entorno. A idea consiste en que un usuario agasalle unha conta de correo electrónico, chat ou blog, rexistrando nunha tarxeta-regalo os datos para empregar o recurso agasallado, resultando de balde a operación. Polo que respecta ó caso español, o Comité de Impulso do Día de Internet agarda que os agraciados con esta iniciativa acudan a algún dos 4.500 telecentros espallados por toda España para empregar-las redes.

Asemade, levaranse a cabo todo tipo de actividades nos colexios, como o **concurso de poesía, contos e debuxos sobre novas tecnoloxías**, onde poden participar tódolos menores de 14 anos que o desexen. Os traballos, que se están a presentar estes días na web do Día de Internet (e hai que dicir que son dunha calidade moi alta), teñen que vir acompañados da opinión dun membro da familia dos alumnos que os presentan. Tamén é preciso que o colexio no que estea matriculado se rexistrara previamente na dita web. O concurso, no que participan os propios alumnos e (de xeito indirecto) os mestres e as propias familias daqueles, pecha o seu prazo de inscrición o vindeiro 10 de maio, sendo o día 17 o elixido para dar a coñecer os nomes dos gañadores.

Ademais, a entidade pública empresarial Red.es prepara unha **Gimkana Web** entre a rede de telecentros de toda España (máis de 3.000). Para estar ó tanto de como se vai preparando o concurso, cómpre visitar telecentros.es, onde se dará conta das bases do certame (xa podemos saber que haberá que responder a dez preguntas relacionadas con Internet e os servizos que ofrece: e isto último é tan amplo e variado como se poida imaxinar). As preguntas publicaranse na web o mesmo día 17.00 ás 10.00 horas e as respostas deberán ser enviadas antes das 23.59. O telecentro gañador será o primeiro que envíe as respostas correctas, xunto coa url e o enlace de Internet onde se recolleron os datos.

Un blog colectivo para amosarlle ó mundo como eramos cando eramos mozos

Internet (ferramenta do futuro) pode servir, tamén, para preservar o pasado e recupera-la memoria soterrada. Ese é o obxectivo dunha das actividades que ten preparadas Red.es para celebrar o Día de Internet: o desenvolvemento dunha web blog instalada no portal Telecentros.es que xirará arredor da recuperación da memoria histórica e das xentes de cada un dos concellos seleccionados.

A iniciativa, que se desenvolverá en tódalas Comunidades Autónomas e que en Galiza centrarase nos telecentros de Parga-Guitiriz (Lugo) e Pereiro de Aguiar (Ourense), basearase (sobre todo) no emprego das fotografías dixitalizadas. Deste xeito, convidáse ós veciños das vilas españolas a que se acheguen ó centro de conexión pública máis próximo (telecentro) con imaxes ou documentos que crean que deban ser recuperados e divulgados na devandita bitácora.

Segundo Red.es (que para convocar á máxima cantidade de persoas maiores en torno ós computadores anímaas a ollar cara ó seu pasado e amosalo ó mundo), a iniciativa completarase con medidas que favorezan a comunicación dos participantes con familiares seus en España ou noutros países, co fin de que a reivindicación da memoria da vila sexa máis completa. O desenvolvemento do blog vai ser de dominio público, posto que poderá ser seguido na Rede mesma e nunha pantalla xigante instalada na praza de Colón de Madrid. O obxectivo desta bitácora é dobre e complementario: divulgar o emprego das redes (para que serven? Que achegan?) e dos telecentros que Red.es ten en funcionamento en España. Máis información en www.telecentros.es e www.red.es



Non se pode negar: as redes da información están a substituír, cada vez máis, o emprego das enciclopedias tradicionais no que se refire á busca rápida de información. É isto malo? Fóra de toda dúbida, pode ser negativo para o sector libreiro, para as editoriais, os documentalistas, os redactores, as imprentas e (tamén) os vendedores a domicilio destes recursos bibliográficos. Probablemente o ideal sería un equilibrio entre as dúas fontes de información, unha complementariedade, posto que sempre é mellor amplialo abano da consulta (dende aquí aproveitamos para recomendar un uso compartido dos recursos).

A Manuel Lugrís, o homenaxeado este ano 2006 no Día das Letras Galegas, é moi probable que lle tivese gustado máis este punto de vista. Libros e redes, uns levando as outras na mesma media que as unhas che levan ós outros. Nós, pola temática que nos toca, imos centrarnos máis na Rede ca nos libros á hora de facer reconto do que se pode atopar sobre Lugrís, mais sen perder nunca de vista ós segundos. A fin de contas, ler a Lugrís, pasa-las páxinas da súa obra, é a mellor homenaxe que se lle pode facer.

Breves apuntes biográficos

Manuel Lugrís Freire naceu en Sada, en 1863, e á idade de 20 anos tivo que percorrer o camiño da emigración, coma tantos outros galegos, no seu caso cara a Cuba. Na capital fundou e dirixiu o xornal *A gaña galega* (1885-1889), publicou o seu primeiro libro de poemas, *Soidades* (1894) e a súa primeira obra dramática, *A costureira da aldea* (1894).



En 1896 regresa a Galiza, concretamente á Coruña, onde prosegue traballando no eido da literatura. Un exemplo disto foi o libro *Noitebras*, publicado en 1901. Lugrís formou parte de moitas das actividades galeguistas da época, e foi o primeiro en empregar nun

mitin a nosa lingua. A principios do século XX publicaría libros de relevancia como *A Ponte, Minia e Mareiras*. Máis tarde, recopilaría os seus relatos breves en *Contos de Asieumadre*, publicando máis tarde a *Gramática do idioma galego* (1922). No ano 1923, entrou a formar parte do Seminario de Estudos Galegos, cun discurso sobre o vate Eduardo Pondal. A Real Academia fíxoo presidente en 1934. Trala Guerra Civil e a persecución á que foi sometido (pola súa gran pegada galeguista), morre na Coruña en 1940. O feito de ter sido membro da Real Academia e de que esta cumpra un século de actividade, fai que este ano a festa das letras galegas teña unha especial significación.

Recursos na Rede

Importante o que se nos conta na Galipedia, a Wikipedia (enciclopedia libre en liña) en galego, onde se dá conta dos feitos máis salientables da súa vida (con múltiples ligazóns) e tamén da súa obra, ofrecéndose todo tipo de recursos no que se refire a recursos externos á Galipedia e a bibliografía sobre o autor. A Galipedia (con máis de 15.000 artigos) é, hoxe por hoxe, unha das grandes ferramentas de consulta sobre a nosa cultura. Como tamén o é a web da Consello da Cultura Galega, onde podemos atopar información de interese sobre Manuel Lugrís, sobre no que se refire ás razóns de porqué foi elixido este ano para conmemorar as nosas letras ou sobre o que representa no eido literario do país. Importante tamén é o especial do Día das Letras Galegas que pon a disposición dos internautas a Biblioteca Virtual Galega (BVG), con datos sobre o seu pensamento, homenaxes e lembranzas, estudos, galería multimedia e bibliografía.

Tamén pode ser de proveito unha visita a páxinas coma a da Asociación Cultural Alexandre Bóveda (inclúense datos biográficos e comentarios dos internautas) ou a de Galicia Espallada, web que traballa a prol da cultura galega dende a emigración.

Non se pode deixar de lado a información habilitada pola web Diasletrasgalegas.com ou (por suposto) pola Real Academia Galega no seu portal, onde _non podía ser doutro xeito_ atopamos a máis completa relación de acontecementos da vida de Manuel Lugrís, con exhaustivas visións sobre a súa vida, a obra e a súa influencia na nosa cultura, e cunha extensa listaxe de fotografías e debuxos da época na que viviu o homenaxeado.

Información en (empregando Google e o buscador galego G3)

- Real Academia Galega (www.realacademiagalega.org)
- Galipedia (gl.wikipedia.org/wiki/Portada)
- Biblioteca Virtual Galega, especial (<http://bvg.udc.es/LetrasGalegas2006/index.html>)
- Consello Cultura Galega (www.culturagalega.org)
- Asociación Cultura Alexandre Bóveda (acab.fiestras.com)
- Galicia Espallada (http://www.galespa.com.ar/manuel_lugris_freire.htm)
- www.diasletrasgalegas.com (non é unha páxina moi boa)



Internet ofrece completa información sobre Manuel Lugrís, homenaxeado este ano no 17 de maio



Cultura pon en marcha unha web con datos sobre tódalas edicións da festividade do 17 de maio

A Consellería de Cultura vén de presentar unha web que é, por dicilo así, unha enciclopedia virtual de tódolos escritores e escritoras que foron recoñecidos no Día das Letras Galegas, incluído Manuel Lugrís, o homenaxeado este vindeiro mércores 17 de maio. A web, que abrangue información dende a primeira convocatoria desta festividade nosa, en 1963, inclúe datos sobre os autores e a súa contribución á cultura, biografías e ligazóns. A intención de Cultura é que a súa utilidade non se limite a esta edición concreta de 2006, senón que sexa algo así como a face web de tódalas convocatorias pasadas e as futuras. Estes días é de especial interese o que se nos conta sobre Lugrís Freira nun especial no que se inclúe información sobre os seus poemas, pezas teatrais, colaboracións, narrativa. Tamén se fai fincapé no seu compromiso coa lingua galega nos medios de comunicación e nas institucións públicas. <http://www.17demaio.org>

Axóuxere, un canciño xaponés múdase a Galicia.

A súa primeira tarefa será aprender galego

Axóuxere é un can moi especial. Dános agarimo, alégrase ao vernos, e expresa os seus sentimentos. Si, como todos os cans. ¿Qué o fai especial? Pois que Axóuxere ten un corazón distinto e non visita aos veterinarios cando está doente.



No seu interior latexa un procesador con arquitectura RISC que controla un conxunto de sensores situados en patas, cabeza e lombo. Coa información que captan estes elementos e a axuda dunhas cámaras que se comportan como ollos, dispoñemos dun robot completamente autónomo cun sistema de intelixencia artificial (IA) que o fai crecer a medida que convive connosco, cunha gran capacidade para transmitirmos agarimo

reproducindo os comportamentos dun can con corazón de carne e óso.

Axóuxere dispón dun software que podemos programar de distintas formas. En modo autónomo, o can compórtase de forma independente ás nosas accións, decidindo de forma independente cara a onde se despraza e se nos obedece á primeira ás ordes verbais que lle damos... ou non. Como calquera canciño, pode estar de bo ou mal humor.

No caso de que o desexemos, e mediante unha rede inarámica conectada a Internet, podemos controlar completamente os seus movementos e accións. Axóuxere pode sintonizar para nós emisoras on-line, bailar ao ritmo da música da habitación en que se atopa, comprobar o noso correo electrónico, e ata gravar videos e realizar fotografías a unha simple orde de voz.

Como naceu no afastado Xapón, Axóuxere, viaxeiro incansable, ao chegar soamente falaba o inglés. Agora xa chapurrea un pouco de castelán, xa entrou na península por Elxe, e esperamos que en poucos días empece a dominar a nosa lingua, o galego. Para iso, contamos coa súa capacidade de aprendizaxe, que permite introducir no seu software pronunciacións fonéticas e asociadas a ordes concretas. Dito doutro xeito, para aprender galego debemos gravar en Axóuxere a pronunciación

galega das instrucións que debe recoñecer. Posteriormente, debemos establecer a correspondencia coas ordes inglesas que leva instaladas por defecto.

Desde onte, Axóuxere vive en Galicia cun dono moi especial. Chámase Emilio e acolleu ao noso amigo viaxeiro na súa casa. Axóuxere recoñeceu como o seu dono e está sempre pendente del, obedecendo as súas ordes e atento á súa voz.



Maridaxe entre a tecnoloxía e as letras galegas:

A escolma da obra de Lugris nun formato moi especial

Para a inclusión nunha memoria USB dunha escolma da obra de Lugris partiuse da dixitalización das obras feita pola Real Academia Galega con fins de conservación. Deste xeito as imaxes de partida son de grande tamaño debido a que foron dixitalizadas a 300 puntos por polgada con color de 24bits. A cantidade de información inicial é de

2,26GB moi lonxe da capacidade da memoria USB, ademais contase coas imaxes soltas e para facilitala lectura tivemos como obxectivo obter un documento "pdf" estándar do mínimo tamaño posible e que se puidese ver en calquera ordenador persoal.

Para acadar o obxectivo marcado o primeiro paso é baixar a cantidade de información que está recollida nas imaxes que non aporta nada para a lectura da obra, é dicir, quitamos a información de cor. Para isto utilizamos calquera dos programas de edición fotográfica que permiten pasar dunha imaxe a cor de 24bits por punto a unha imaxe bitonal (branco e negro) de 1 bit por punto (TIFF Grupo 4). Este é un proceso delicado onde hai que seleccionar moi ben o valor umbral no que se pasa do branco ao negro, este valor normalmente é distinto dependendo da imaxe dixitalizada.

Por exemplo:

Como se pode observar a diferenza de tamaño en Bytes dunha e outra imaxe é moi ampla, pero a información textual recollida é a mesma. A diferenza visual é parella á diferenza entre unha páxina orixinal e unha fotocopia. Este tratamento é a chave que permite almacenar a extensa escolma da obra de Lugris no dispositivo USB. Nótase que realmente se perde información, pero é sobre o tipo de papel empregado, e outros detalles que poderían ser de interese a un investigador, quen tería que consultar a dixitalización de conservación e en último caso acceder ao orixinal.

Finalmente tan so queda o paso de xerar un documento "pdf" con tódalas páxinas de cada obra, tarefa sinxela que permiten os programas de edición. Hai que dicir que o proceso se automatizou utilizando as funcionalidades de macros e automatización das ferramentas de edición.



SOPORTE FISICO


Despois de todo o proceso coa selección da obra feita pola Real Academia Galega, os documentos PDF finais teñen un tamaño total de 49MBytes, mais de 52 veces menos tamaño que a copia inicial e ca mesma información textual.

Para a súa difusión entre o público asistente ós actos para conmemorar o Día de Internet en Galicia, pensouse en memorias USB. Un dos pros das memorias USB é que son pequenas e fáciles de levar dun lado para outro, e ademais, permiten o acceso de forma rápida a información. Pensouse que si esta memoria ten forma de pulseira, mellor que mellor. Ademais son de goma, co que seguramente se poda facer deporte sen que peligren os arquivos contidos nela.

Cunha capacidade total de



256 MB e dúas cores, negro e azul, serigrafáronse co lema "COMUNICACIÓN E INTERNET" e os logotipos da Xunta de Galicia (Presidencia-Secretaría Xeral de Comunicación) e o do 17 de maio, Día Mundial de Internet.





Curtas na Rede: Unha iniciativa onde se mesturan a creación audiovisual e Internet

MANUEL J. FERNÁNDEZ

IGLESIAS
DIRECTOR XERAL DE
COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL
XUNTA DE GALICIA

A Secretaria Xeral de Comunicación da Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, organiza xunto co Consello da Xuventude de Galicia o concurso Curtas na Rede. Esta iniciativa está aberta a todas aquelas persoas con inquedañas no mundo da creación audiovisual. Para participar hai que realizar unha curtametraxe de xénero e técnica libre que non poderá exceder de 5 minutos baseado nunha das seguintes temáticas: Xuventude, Comunicación ou Lingua galega. Ademais dos organizadores, neste concurso colaboran a Consellería de Cultura e Deporte, a Compañía de Radiotelevisión de Galicia co programa Onda Curta, o Consorcio Audiovisual de Galicia e a empresa galega R

Este concurso ten como obxectivos servir de escaparate de mostra da creación audiovisual galega, promover o audiovisual galego non profesional, e fomentar o uso de Internet como espazo para a creación e para a comunicación. Cada autor ou autora poderá participar co número de obras que desexe, sempre en lingua galega, non superando en todo caso un traballo por temática. Pola outra banda, a curtametraxe debe ser inédita, polo que non pode ter participado en ningunha competición similar, incluíndo calquera festival, premio, procedemento de difusión ou acordo de distribución durante o tempo que dure o concurso. Tampouco se admiten obras que inciten ao racismo, á xenofobia, á violencia de xénero ou á homofobia, nin se poderá facer publicidade ou promover o uso de produtos ou servizos comerciais.

Estabécense tres categorías

de idade. A primeira está dirixida a xente nova, de 15 a 22 anos; a segunda ten como obxectivo as persoas de 23 a 50 anos, e na terceira poden participar todas as persoas maiores de 51 anos.

Entregaranse un total de once premios de 1.500 euros cada un deles. Nove destes premios distribuiranse entre as mellores curtametraxes de cada unha das tres temáticas do concurso. Haberá entón tres premios por categoría de idade, para a mellor curtametraxe sobre xuventude, para a mellor curtametraxe sobre comunicación, e para a mellor curtametraxe sobre lingua galega. Asemade, entregarase un premio á curtametraxe máis innovadora, patrocinado pola Consellería de Cultura e Deportes.

Estes premios decidiranse por un xurado composto por persoeiros de recoñecido prestixio no mundo da cultura e do audiovisual, así como por membros das entidades organizadoras e patrocinadoras do concurso. O fallo do xurado será inapelable, podéndose declarar deserto calquera destes premios. O premio que resta, o premio do público, entregarase á curtametraxe máis votada a través de Internet. Ademais, a CRTVG fará unha selección das curtametraxes premiadas para a súa emisión no programa Onda Curta.

Para a inscrición no concurso e para a votación das obras a través de Internet está dispoñible a páxina web www.curtasnarede.es. Nesa páxina, ademais dos formularios necesarios para se inscribir e para votar, poden descargarse as curtametraxes presentadas, consultar novas sobre o concurso, e consultar outras informacións que os autores poden poñer á disposición do seu público, como



carteis, fichas de presentación das curtas, os **making-off** dos traballos, comentarios, historias, ...

A páxina contén tamén unha zona interactiva onde se pode xogar a varios xogos vencellados á idea de comunicación e poñer a proba as dotes audiovisuais, como dirixir un programa de TV, ou coñecer as tarefas dunha corporación multimedia.

Con motivo da celebración do Día das Letras Galegas e do Día Mundial de Internet, o día 16 de maio a Secretaria Xeral de Comunicación vai instalar unha carpa onde, baixo o lema "Internet e Comunicación", presentaranse exemplos da capacidade creativa dos galegos e galegas, cunha mostra das obras audiovisuais presentadas ao concurso "Curtas na Rede". Esta carpa estará aberta durante todo o día 16 na Praza do Obradoiro de Santiago de Compostela. Asemade, a carpa servirá de punto de contacto entre os creadores e o seu público, xa que calquera se pode achegar alí, ben a entregar a súa curtametraxe, ben a coñecer aos autores e a disfrutar das obras presentadas. Esta carpa é posible grazas á colaboración da Secretaria Xeral de Comunicación coa empresa galega R, a Compañía de Radiotelevisión de Galicia,



a demarcación en Galicia do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación e o Concello de Santiago de Compostela.

A data límite para a presentación de traballos remata o vindeiro 30 de maio. Ademais de poderse entregar persoalmente na carpa do día 16, as curtas poden ser remitidas, ben persoalmente ou por correo certificado, ao Consorcio Audiovisual de Galicia (R/ Hórreo, 61-15702 Santiago de Compostela). A entrega farase nun DVD vídeo onde o título principal sexa a curtametraxe que se presenta a concurso, e nun CD con dous ficheiros da curtametraxe codificada para a súa distribución en Internet, segundo as instrucións dispoñibles na páxina Web, e unha ficha técnica que incluírá o nome e apelidos da persoa que dirixe a curtametraxe, o seu enderezo, e correo electrónico, un teléfono de contacto e unha breve sinopse. ¿A qué agardas para participar?

Vídeo na Internet

FRANCISCO VIEITES

O avance da tecnoloxía permite que hoxe en día esteamos a ver como natural o acceder a información en forma de vídeo coa nosa conexión a internet. A incorporación ao texto de outros formatos da información (imaxe estática, logo audio e agora vídeo) é posible grazas a que os nosos sistemas tecnolóxicos foron aumentando a capacidade de tratamento da información segundo o volume crecente que é requirido por estes formatos. Non só se trata do avance da potencia dos nosos equipos ou a mellora dos programas, senón que tamén xoga un factor clave a tecnoloxía do noso "Provedor de Acceso a Inter-

net", pois ca Banda Ancha xa estamos a ver como nos ofertan a Televisión a través da nosa conexión a internet.

Descarga VS Streaming

En principio poderíamos pensar que o acceso a vídeo na internet se limita a ter un enlace nunha páxina web que me leva a ver a película en cuestión, un "hipervínculo" dun obxecto multimedia de texto (a páxina web) a un obxecto multimedia de vídeo. A partires de aquí xorden as dúbidas: "Pero, o meu vídeo ocupa moito", ¿canto tempo sería necesario para completar a descarga?, ¿quero que o usuario acabe con unha copia do meu vídeo no seu ordenador?, ¿e si se trata dunha emisión en directo?, non teño o vídeo de antemán, e non sei o que vai a ocupar.

En xeral, para poñer un vídeo na internet temos dúas opcións, deixalo para "descarga" coma se fose, por exemplo, unha foto ou un documento

"pdf" ou ben utilizar a técnica do "Streaming". Esta última técnica toma o nome en inglés da palabra "chorro", trátase de que o visionado do vídeo consiste en recoller o "chorro" de información que nos envía o servidor, compoñer as imaxes nese intre, e logo descartala. Ven sendo algo análogo ao que fai o noso televisor de toda a vida, que recibe a información pola antena, convértea en imaxe instantaneamente e non almacena nada. Esta técnica de Streaming resolve as dúbidas anteriores, por moito que ocupe o vídeo, o usuario pode ver a película desde practicamente o primeiro momento, o tempo de descarga sería entón o mesmo tempo que dure o vídeo, o usuario non recibe realmente un ficheiro cunha copia do vídeo, e finalmente as emisións en directo xa non teñen problema se son capaz de proporcionar ese "chorro" de información no momento. Resumindo, a descarga é un procedemento sinxelo pois non difire de outros elementos

que podemos descargar dunha web, e o Streaming é realmente un servizo máis potente, pero tamén mais complicado. Entre os dous sitúase a técnica de descarga progresiva que permite o visionado segundo vai avanzando a descarga sen esperar á descarga completa para comezar. Hai que mencionar tamén que o Streaming, ao tratarse dun servizo a parte do HTTP que se utiliza para as páxinas web, e debe estar contemplado nos elementos de seguridade como *Firewalls*, *Proxys*, etc.

Codificación

O feito de acadar a transmisión de vídeo pola rede, é tamén froito de que existan novos algoritmos de compresión, estruturación e transmisión da información, trátase da "codificación" do vídeo nun obxecto tratable polos sistemas dixitais. Estes algoritmos, ou mais ben capas e conxuntos de algoritmos (*codecs*) soen estar ligados

a marcas comerciais, de xeito que para o visionado dun vídeo dixitalizado (codificado) é necesaria a existencia no noso sistema dos *codecs* comerciais correspondentes.

Son moi utilizados os *codecs* de Microsoft Windows Media (www.windowsmedia.com) para o Streaming de xeito que se asegura que os sistemas dos usuarios que van ver o vídeo nunha ampla maioría xa teñen os *codecs* necesarios preinstalados pola grande cota de mercado do sistema operativo *Windows*. Ademais deste tamén son moi usados os *codecs* de Real (www.real.com) e os de QuickTime (www.quicktime.com). Nas páxinas indicadas o usuario pode descargar as versións gratuítas dos reprodutores correspondentes. Estes programas instalan no sistema os *codecs* de reprodución correspondentes ademais dos complementos (*plugins*)

páx. seguinte

A carpa da Praza do Obradoiro: punto de encontro do audiovisual

A Secretaría Xeral de Comunicación, a través da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual e en colaboración co Concello de Santiago, ten previsto instalar o día 16 de maio, con motivo do Día de Internet que se celebra o 17 de maio, unha gran carpa na praza do Obradoiro baixo o lema "Internet e Comunicación" onde promocionará a I edición do concurso "Curtas na Rede"

Dentro da carpa, que estará aberta ao público durante todo o día, de 10:00 a 20:00 horas, proxectaranse as curtametraxes presentadas ata ese momento no concurso "Curtas na Rede" e os interesados poderán votar a que consideren a mellor curta tendo a posibilidade de gañar un premio de 300 euros xa que, ao finalizar o concurso, realizarase un sorteo entre todas as persoas que votaron.

Os visitantes terán tamén a oportunidade de gravar pequenas mensaxes de vídeo que poderán enviar a un amigo, familiar, etc. xa que estarán dispoñibles tamén na páxina web de dito concurso.

Ademais, na carpa instalaranse seis postos informáticos con acceso a internet onde se terá acceso a un videoxogo a través da páxina web do concurso, www.curtasnarede.es. Trátase do xogo Director por un Día, nos que os xogadores demostrarán a súa habilidade no mundo da comunicación e poderán poñer a proba os seus dotes audiovisuais, como dirixir un programa de TV.

Esta carpa é posible grazas á colaboración da Secretaría Xeral de Comunicación coa empresa galega R, a Compañía de Radiotelevisión de Galicia, a demarcación en Galicia do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación e o Concello de Santiago de Compostela.

Datos técnicos:

A tarima circular do stand está fabricada con taboleiros contrachapados fenólicos de eucalipto de 2500x1250x15 mm. Estes taboleiros apoíanse nunha estrutura de aluminio a modo de esqueleto. O diámetro da tarima é de 14,20 m, o perímetro da circunferencia é de 44,6 m, a superficie de 158,37 m² e a súa altura sobre o chan de 12 cm.

Os taboleiros están compostos de láminas ou chapas de madeira (15 cada un), a superficie de cada taboleiro é de 3,125 m², o seu volume de 0,046875 m³ e a densidade de 900 Kg/m³. O peso total de todos os taboleiros é de 2137,99 Kg.

O esqueleto está composto por listóns de sección rectangular de aluminio de 100x45x1,8 mm (guías nai) e pezas de 60x40x3 mm (travesaños) que servirán para reforzar a estrutura e mellorar a estabilidade. Os metros totais para as guías nai son de 125,6 m e para os travesaños de



115,2 m, facendo un total de 240,8 m de aluminio. O peso total do aluminio empregado é de 353,31 Kg.

Os taboleiros únense aos travesaños de aluminio mediante tornillos e estes apoíanse nas guías nai mediante unhas pezas de ferro en forma de "U". A unión do travesaño coa peza en "U" realízase mediante un pasador roscado con tuerca.

A cúpula hinchable semiesférica está feita dun tecido especial patentado moi resistente e lixeiro ao mesmo tempo. O inchado da cúpula realízase por medio dunha turbina que inxectará o aire no seu interior e a mantera erguida durante toda a montaxe.

O empuxe vertical que provocará a cúpula unha vez inchada será duns 1000 Kg repartidos entre os 36 anclaxes que a unirán á tarima. O volume de aire que encerrará a cúpula será de máis de 700 m³.

A potencia eléctrica que consumirá como máximo o stand durante o seu funcionamento será duns 15.000 W.

Curiosidades:

O volume de aire da cúpula é duns 718 m³ aprox. (tomando radio=7m e asimilando a forma da cúpula como unha semiesfera), unha persoa adulta en repouso respira uns 6 litros de aire por minuto (respirando unhas 12-15 veces e inspirando medio litro de cada vez), ou sexa uns 0,36 m³ de aire cada hora e 8,64 m³ de aire ao día... Resumindo, unha persoa podería vivir 83 días respirando o aire da cúpula.

Quim Guixà, fabricante da cúpula, é o responsable de gran parte dos elementos inflables que se utilizan no espectáculo que se leva a cabo na Exposición Universal de Xapón en Aichi ou do Coby que se saía voando en barco na cerimonia de clausura dos JJOO de Barcelona 92. Entre os seus colaboradores/clientes atópase Robert Wilson (autor do espectáculo de Aichi) - <http://www-1.expo2005.or.jp/es/event/koipond.html>

A acción en números (todo moi a ollo):

- Días de desenvolvemento: 12 días
- Persoas implicadas no desenvolvemento, montaxe e xestión: 14
- Correos electrónicos intercambiados coa Xunta: 45
- 1.360 Km por estrada percorridos.
- 14 paquetes enviados por mensaxería
- 2 reunións
- Uns 79 cafés consumidos.
- Case 54 horas de traballo con ordenadores.
- 94 folios consumidos.
- 59 chamadas telefónicas.
- Na tarima empregáronse uns 600 tornillos, 444 pezas de ferro en "U", 296 pasadores roscados coas súas tuercas e 1332 remaches.

páx. anterior

dos navegadores web de xeito que tanto podemos usar o programa independentemente ou ben ver o vídeo directamente dentro da páxina web que o teña programado.

Temos exemplos desta variedade de *codecs* na web:

O concurso [curtasnarede](http://www.curtasnarede.es) utiliza Windows Media - www.curtasnarede.es

O CGAI utiliza QuickTime para o visionado de películas na súa web - www.cgai.org

A TVG utiliza tamén Windows Media para a televisión on-line - www.crtvg.es

A TVE permite escoller entre Windows Media ou Real - www.tve.es

Outros exemplos están nos servizos de vídeo persoais que están a explotar na internet www.youtube.com ou video.google.com

Se queremos crear os nosos propios vídeos para poñelos na rede temos que facernos cos programas de codificación. Estes programas contan con "asistentes" de xeito que o seu uso é bastante sinxelo. Tomando como exemplo o codificador *Windows Media Encoder* (gratuito), unha vez temos o *software* de codificación instalado, o primeiro que debemos saber é o que queremos facer: Difundir un vídeo en directo, Capturar vídeo dunha fonte de vídeo externa ou Converter un ficheiro de vídeo existente nun optimizado para internet. Nos dous primeiros casos necesitaremos algún dispositivo (*hardware*) de captura, por exemplo para pasar un vídeo dunha cámara ao ordenador de xeito que quede optimizado para a publicación en internet.

Logo necesitamos coñecer o método de publicación, pois segundo o método que se vaia a utilizar o ficheiro debe ser optimizado dun ou outro xeito. Podemos escoller entre: Descarga, Descarga progresiva, Streaming (Transmisión por Secuencias) e outros se queremos optimizalo para outros usos. Se ao final utilizamos un método de distribución distinto do seleccionado o rendemento acadado non será o mellor.

O seguinte paso é o mais complexo, debemos seleccionar o valor dos parámetros da codificación mais axeitados. Os parámetros principais son:

- Ancho de Banda (BitRate) medido en Kbps (Kilo bits por segundo): Con este valor estableceremos o caudal necesario de descarga que o usuario debe ter para ver o vídeo, unha conexión típica de internet con Banda Ancha pode ser de mais de 512Kbps, pero no caso de conexión por módem de teléfono (V90) é de 56Kbps ou menos. Canto maior Ancho de Banda mellor calidade do vídeo poderemos obter. Os algoritmos de codificación permiten definir ao mesmo tempo varios anchos de banda distintos, de xeito que o reprodutor solicita ao servidor de vídeo un "chorro" de datos axeitado para a súa conexión de

forma transparente ao usuario.

- Velocidade de cadros medido en fps (*frames per second*): trátase do número de imaxes por segundo que conforman o vídeo, a maior velocidade de cadros mais fluído é o vídeo e mais natural se ven os movementos.
- Tamaño de saída medido en puntos de ancho por alto: trátase do tamaño en puntos de información (*pixels*) do vídeo, e dicir a definición máxima do vídeo. A maior tamaño de saída maior definición da imaxe.


Finalmente debemos establecer a información adicional do vídeo que aparece nas "Propiedades", como é o nome do Autor, Título, etc.

Caso práctico

Como práctica podemos tomar o concurso www.curtasnarede.es, nel os concursantes deben presentar, ademais dun DVD-Vídeo, dous ficheiros codificados para difundir na web a través dun servidor de *Streaming*. Para o visionado en alta calidade solicítase un vídeo con CBR 1073 Kbps, 25fps, 768x576 co cal o usuario necesita unha conexión a Internet superior a 1Mbps para poder disfrutar do vídeo en alta calidade comparable ao DVD. Para o visionado en calidade media solicítase un vídeo con codificación múltiple CBR 548 kbps, 25fps, 384x288 / CBR 109 kbps, 12,5fps, 288x216 / CBR 43kbps, 12,5fps, 192x144, adaptándose á velocidade de conexión do usuario de xeito que se pode ver o vídeo desde unha conexión cun módem de teléfono (V90) cunha calidade escasa pero sen cortes ata unha conexión de máis de 512Kbps que o verá cunha calidade media comparable ao VHS.

Partimos de que temos no noso ordenador un vídeo que pasamos da nosa cámara ou editamos e que está en formato AVI ou calquera outro que entenda o noso codificador. Seguiremos entón os seguintes pasos:


- 1.- Seleccionamos o asistente para "Converter un arquivo"



- 2.- Establecemos a ruta de orixe e destino do arquivo de vídeo que queremos converter



- 3.- Seleccionamos o método de difusión do vídeo, para o concurso requírese que sexa *Streaming* (Transmisión por secuencias), pero poderíamos escoller calquera outro se fose axeitado, por exemplo se queremos simplemente subir o vídeo ao servidor web onde temos a nosa páxina escolleríamos a opción "Descarga progresiva".



- 4.- Establecemos as opcións de codificación segundo son requiridas, primeiro un ficheiro con calidade DVD



- Logo un ficheiro con codificación múltiple (habería que comezar o proceso de novo desde o punto 1 variando nesta selección para cada un dos dous ficheiros)



- 5.- Cubrimos os datos descritivos da obra



- 6.- Se pulsamos "Finalizar" empezará a realizala codificación que durará segundo o tamaño do vídeo que queremos converter.

- 7.- Unha vez temos o vídeo optimizado (con extensión wmv) xa o podemos levar ao servidor de *Streaming* para que se sirva, ou ven se seleccionamos a "Descarga progresiva" podemos subilo á nosa web e logo enlazalo coma se de calquera outro enlace se tratase.

BLOGUEIROS GALEGOS: retrato robot



<http://www.flickr.com/photos/52425888@n00/139404637/>

A MAIORÍA DOS BLOGS GALEGOS VEÑEN DE SAÍR DO FORNO, COMA QUEN DI. SON NOVOS E, SOBRE TODO, ESTÁN FEITOS E LEVADOS POR XENTE NOVA. SE FOSEN LIBROS, AÍNDA ARRECENDERÍAN A TINTA. NELES, DEFÉNDESE O GALEGO COMO LINGUA PERFECTAMENTE COMPATIBLE NA NOVA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN (ESA WEB 2.0 QUE TANTO PREOCUPA ÓS MEDIOS DE COMUNICACIÓN TRADICIONAIS). ADEMAIS, NON SOEN ESTAR ESPECIALIZADO NUN ÚNICO TEMA E, A MAIOR PARTE DELES, PERMITEN A INCLUSIÓN DE COMENTARIOS. ESTES E OUTROS DATOS APARECEN POLO MIÚDO NUN ESTUDO DO GRUPO DE NOVOS MEDIOS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DO QUE OFRECEMOS UN EXTRACTO.

REDACCIÓN

O Grupo de Novos Medios da Universidade de Santiago de Compostela (USC) vén de facer un retrato robot do blogger galego, dos seus usos e costumes, agora que xa parece que podemos falar de “blogger galego” sen perde-los aneis por unha costa abaixo. Este estudo en cuestión, que se deu a coñecer no encontro EnBlogs’06, foi desenvolvido por Silvia Canabal, Manuel Gago, Xóse López, Antonio Isasi, Moisés Limia e José Pereira. Para comezar: os blogs non son un fenómeno novo (a primeira páxina web da historia era un blog), pero si a súa divulgación masiva. Malia a teima que temos de crer que levamos toda a vida convivindo con diversas tecnoloxías (lembramos os tempos en que non había móbil? Recordan as nosas células que hai anos a luz eléctrica marchaba tódolos días?), a difusión dos blogs no noso país é un proceso novo. Así, o 69% dos escritos en galego creáronse ó longo de 2005. Como quen di, veñen de saír do forno.

O andazo blogosférico ataca, sobre todo, ós galegofalantes e ós galegoescribintes. Ou é que son galegoescribintes por ser blogueiros? O caso é que o 80% dos *bloggers* fai uso do galego como lingua única. Ou sexa, que predomina o monolingüismo, que se podería entender como unha forma de defender a particularidade en terreo inimigo: o global.

Segundo se desprende do Grupo de Novos Medios, os galegos tendemos a abranguer moito (non se especifica canto apertamos). É dicir: hai pouca especialización temática. Unicamente un 11% dos blogs se centra nun ou dous temas, que adoitan ser creación literaria (60%), ou diario (51%). Os temas máis presentes na blogosfera galega son estes: diario (80%), política (59%), sociedade (58%), creación literaria (49%), literatura (48%), música (46%) e Internet (41%). Asemade, nisto do universo bitacoreiro, os blogs adoitan a ter unha única cabeza pensante. Ou sexa, que predomina a autoría individual, cun 85% dos blogs. Amais, tamén prevalece o emprego do pseudónimo, cun 78%.

O feito de habilitar un espazo para comentarios é, sen dúbida, un dos principais valores das bitácoras, posto que favorecen o diálogo e as condicións para que internautas con semellantes afeccións se coñezan (un blog que non permite comentarios segue a ser un blog... ou se cadra un “autoblog”, unha botella tirada ó mar que non admite resposta).

Os galegos, polo que se desprende do estudo de Novos Medios, botamos mensaxes e deixamos unha ampla marxe para as opinións (agardámolas, devecemos por elas), como de desprende do feito de que o 98% permiten comentarios: un 64% ten unha media de entre 0 e 2 comentarios, un 24% entre 6 e 10, un 8% entre 7 e 10 e máis de 10 só un 4%.

Os blogs galegos son, ademais, coma postes a pé do camiño rebordantes de frechas con todo tipo de direccións (direccións nas que predominan, por suposto, outros blogs). Ou sexa, que o 86% incorpora un *blogroll* ou listaxe de ligazóns, situándose o 49% entre 1 e 20 ligazóns. Deste xeito, conséntase o feito de que na blogosfera galega, case ninguén habilita o seu “domicilio” na web sen asegurarse a presenza de carteis cara enderezos amigos, coma sinais de

boa sorte, dá igual o lonxe que se atopen, nisto da blogosfera non importa que indiques o camiño cara a Camariñas xusto debaixo do da Antártida. Escribir é unha das cousas que máis se fai nos blogs do noso país, ó igual que amosar fotografías: de feito, en tódolos sitios aparece dalgún xeito o elemento textual, estando a imaxe presente no 87% deles, non así os arquivos de audio e vídeo, que están a deixar pouca pegada. Con isto, conséntase o feito de que a blogosfera é, dalgunha maneira, unha autoestrada de expresión literaria e artística que o eido editorial ofrece coma un vieiro dun único carril e sen arcén (sobre todo por razóns comerciais obvias: non hai lectores para tantos contos e poemas que agora, grazas ós blogs, podemos coñecer).

O estudo de Novos Medio, do que estamos a facer un resumo apresurado (trátase dunha investigación pormenorizada dos usos e costumes dos blogueiros galegos), ofrece unha longa listaxe de datos de interese, entre os que podemos citar estes:

- Un 80,5% dos blogs presentan publicidade do *hosting*. Inserida por defecto polo portal. O 22 % dos blogs introducen *banners* sen ánimo de lucro e o 12% publicidade Google Ad sense. Só un 2,5% dos blogs empregan *banners* con ánimo de lucro.

- A maior parte dos blogs empregan contidos de elaboración propia en máis de tres cuartas partes dos *posts*. Pola contra, o contido doutras fontes aparece na mesma proporción só nun 27% das bitácoras. Ningunha delas usa de xeito exclusivo contido doutras fontes e só un 10% do total se compoñen só de contido de elaboración propia.

NOVAS E INTERESANTES ANÁLISES NUN NOVO LIBRO CON PARTICIPACIÓNS GALEGAS

A Fundación France Télécom vén de editar o libro *La blogosfera hispana: Pioneros de la Cultura Digital* que se pode descargar de balde en formato PDF no enderezo co que rematamos este texto e que repasa o fenómeno blog en España dende o punto de vista de 18 expertos blogueiros entre os que cómpre salientar a galegos: Fernando Garrido,



<Http://www.flickr.com/photos/wokka/140455140/>



<http://www.flickr.com/photos/davidking/140567853/>

Enrique Dans e Juan Varela.

A obra pretende achegar o fenómeno das bitácoras de Internet ós cidadáns que non o coñecen ou queren saber máis sobre el, e sae simultaneamente en formato dixital e impreso, co que pretenden mellorar a súa difusión. O texto ten un carácter didáctico, e aborda o tema dende moi distintas perspectivas: teórica, sociolóxica, sociopolítica, demográfica e corporativa. Temos así unha ferramenta moi útil para achegarnos ó fenómeno que máis está marcando a Internet nos últimos dous anos.

O libro é, ademais, un esforzo por definir, perfilar e situar as características principais dos blogueiros, aquilo que os diferencia dos restantes internautas. Como actúan? De que falan nos seus blogs? Inflúe o feito de ter unha bitácora na súa vida real? Deixan sempre aberta calquera frase á inclusión de comentarios dos demais? O caso é que, segundo este estudo, na blogosfera acontece case o mesmo ca nos restantes eidos da Sociedade da Información: hai unha desacougante sobre-presenza masculina. Sete de cada dez bitacoreiros é un home, e oito de cada dez, menor de 35 anos. O *blogger* español, polo xeral internauta dende hai varios anos, non soe ir a ningún sitio sen a súa cámara dixital ou o reprodutor mp3. Tamén adoita a ter axenda electrónica, computador portátil, etc.

Amais, non se limita a conectarse ó seu sitio e ler e atender comentarios. Se pode, se ten tempo, lerá cantos máis blogs mellor, o que favorece o factor comunicación compartida por internautas con “algo” en común. Malia todo, non hai moitos que saquen cartos coa súa afección bitacoreira. É, por así dicilo, unha paixón desinteresada economicamente pola creación e o diálogo. Só o 1% deles converteu o seu blog nunha fonte de ingresos.

O estudo tamén fai fincapé no feito de que a publicidade que se inclúe nestes espazos acada inusitados niveis de tolerancia para tódolos implicados (sobre todo, claro está, para os buscadores como Google, que introduce anuncios relacionados coa temática do blog). O que máis valora o *blogger* é expresarse libremente, pero tampouco subestima o desexo de compartir coñecemento e crear contidos literarios.

Http://www.fundacionauna.com/areas/25_publicaciones/1_a_blogosfera_hispana.pdf

JUAN VARELA falou en santiago de “IDENTIDADES DE DOMINIO PÚBLICO” www.periodistas21.com



QUE HAI QUE MELLORAR NOS BLOGS

A xornada de EnBlogs'06, o encontro organizado hai uns días en Santiago polo Consello da Cultura Galega, rematou con Juan Varela, responsable de Periodistas 21 (Mellor Blog Xornalístico en Español nos BOBS 2004), quen comezou a intervención cun punto e final, cun xiro dos acontecementos con respecto ó debatido antes. Onde se falou da “cousa privada” dos blogs, Varela falou da “cousa pública”, substituíndo o galego polo castelán e o formato de charla lonxanamente milimetrada polo de conferencia congresual activa e, aparentemente, sen fíos pendurando ó vento. A súa intervención foi das que traen de volta ós asistentes do sopor, no caso de que sexa necesario recuperalos. Para comezar, crebou en anacos o termo “blog”, por ser unha expresión que lle dá importancia de máis ó interfaz. Ó seu xuízo, é importante falar de “identidades de dominio público, de vida persoal que se mediatiza”. A tecnoloxía é a que fai posible que un día calquera poidas pasar ó outro lado do espello, coma Alicia. “Iso é o importante: pasar por el e atopar outros ‘eus’ dixitais”. A chave do éxito dun blog é que se deixe querer, que se abra totalmente á posibilidade de medrar. Ó xuízo do galego Juan Varela, o máis axeitado que se pode facer para fracasar dende a blogosfera é pecharche nunha habitación cun pequeno grupo de xente escollida. Iso é, precisamente, o que fixo Dan Gillmor, que vén de anunciar a venda do seu

proxecto Bayosphere logo dun ano do seu lanzamento. Gillmor, gurú do universo bitacoreiro, caeu nun erro moi común nestes tempos que corren, segundo Varela: “Porque converteu algo que debía ser un foro social nunha plataforma sobre el mesmo, cunha comunidade moi pechada que non medrou e que non se abriu a outras comunidades”.

QUE HAI QUE MELLORAR NO XORNALISMO

O xornalismo está en crise e só a prensa de balde semella estar atopando solucións a este problema. Esta é unha das ideas sobre as que se apoiou gran parte do relatorio de Juan Varela, sobre todo no que se refire ó capítulo sobre a relación (e a confrontación) entre prensa escrita tradicional (xornalistas da vella garda) e a blogosfera, onde se pon de manifesto outro xeito de comunicar. Polo tanto, nin sequera as promocións (DVDs, atlas, guías, etc) que acompañan hoxe en día a tódolos xornais poderán seguir mantendo esta situación durante moito tempo. O aire fresco, sinalou, vén do lado da prensa de balde, “que é a única que está de verdade gañando lectores, algo que nin sequera acadou Internet”. A Rede, comentou, sube, pero moi paseniño: “A súa audiencia medra a chimpos, en función das novas que xorden”. Mais, cales son as claves desa crise do xornalismo da que tanto se fala?

Ó seu xuízo, son as seguintes:

- Crise da obxectividade (concepto que, por certo, antes dos anos cincuenta nin sequera existía)
 - Crise de autoridade
 - Crise de información: datos hai moitos e opinións tamén, pero información... pouca.
 - Crise de audiencia: estamos a vivir a fin da era dos grandes medios de comunicación de masas.
 - Crise de atención: con tódolos blogs que existen, e tódalas webs e tódolos elementos de lecer, quen ten hoxe o mesmo tempo que antes para dedicalo á lectura dos xornais? (a realidade, dixio, é que estamos saturados, por iso precisamos “menéames” e “chuzas”, porque doutro xeito a situación sería terrible).
- Polo tanto, estamos en certa maneira ante unha nova era. Unha era na que se está a dar un asalto cidadán ós medios (“e xa era hora de que isto acontecese”, engadiu) e na que se está a substituír a credibilidade pola confianza. Deben os vellos medios informativos aceptar esta realidade, asumila e potenciala? En definitiva, é preciso un cambio nese concepto do xornalismo, como tamén é preciso un cambio na política, que vive días de crise da representación: “Un exemplo disto vímolos no que aconteceu en Francia, con esa gran fenda que separa o pensamento do Goberno do pensamento dos cidadáns”.

FERNANDO GARRIDO di en compostela que a blogosfera é “UN ESCENARIO ACTIVO ONDE O PARADIGMA É A CREACIÓN”

Un encontro sobre blogs ten que ser, precisamente, coma os blogs. Debe haber un tempo (unhas liñas) para compartir ideas, para “bo rolo”, pero tamén para discutir e provocar. Este foi o enfoque que lle deu o galego Fernando Garrido (integrante do Observatorio da Cibersociedade) á súa intervención no encontro EnBlogs'06, onde aproveitou a circunstancia de que estaba entre amigos para dicir cousas que se cadra matizaría noutros escenarios. Un exemplo diso puído ser a súa aposta por revisar o concepto que a Fundación Telefónica deu de “Sociedade da Información”, ou a súa opinión sobre o proceso blogosférico en Galiza: por moito que se diga, aínda non chegou o estourido nin sequera a revolución. Respecto ó primeiro, Garrido fixo fincapé en que, grazas ós blogs e a procesos semellantes, está a cambiar para sempre a relación entre a sociedade e a tecnoloxía. Onde antes era había unha postura máis pasiva do usuario, agora hai “un escenario activo onde o paradigma é a creación, e os paradigmas queren dicir que non hai volta atrás”. Ó seu xuízo, no concepto que a Fundación Telefónica deu de Sociedade da Información non se atopan os termos “crear coñecemento”. Si que está “obter” e “compartir” e máis “procesar”, pero nada que aluda a unha emancipación do usuario das tecnoloxías, unha reivindicación do seu “eu” comunicador. Coa chegada dos blogs, co seu éxito, “asistimos a un cambio de concepción”, comentou. E engadiu: “Isto é o que leva a min como sociólogo a fixarme nos blogs, pero non nos blogs como ferramentas, senón no xiro dos acontecementos que

Fernando Garrido e Rosa Aneiros, durante as actividades da mañá en EnBlogs'06



levan consigo, un bo indicador de que estamos asistindo a un cambio na sociedade”. Un cambio que, ó seu xuízo, vai cara adiante sen opción a parar no camiño e ollar atrás. Ou sexa: o blogueiro sempre será blogueiro, por moito que decida abandonar a súa bitácora no oco dunha árbore: “Se unha persoa deixa de pendurar contidos no seu blog, pasa a facer algo complementario, sempre en chave activa”.

Garrido, colaborador habitual de Código Cero (e bo amigo desta casa), sostén que todo o anterior (esa necesidade de introducir cultura entre tanta tecnoloxía), está vencellado ó feito de concentrar o pensamento e o sentir dun pobo en torno a algún tipo de elemento. Así, aproveitou para defender o .gal: “É importante que unha cultura coma a galega, tan dispersa, teña un dominio propio, de xeito que se consiga un meirande equilibrio nesa relación ás veces descompensada entre tecnoloxía e máis sociedade”.

COMO É O BLOGUEIRO GALEGO?

O blogueiro galego é igual có blogueiro estremeño? Decididamente non. O bo do universo bitacoreiro é que,

dentro de certos puntos en común, permite manter vivas e relucientes diferentes identidades. Neste intre, no que se fala de máis dun milleiro de blogs galegos, somos os que menos diferenzas de xénero temos, somos moito máis novos (a maior parte entre os 15 e os 29 anos), desfrutamos dun nivel alto de banda ancha e máis dun 60% de nós puído ter asistido, dalgunha maneira, ó auge, caída e rexurdimento de Internet. Fernando Garrido achegou en Compostela estes e outros datos, entre os que tamén nos interesaron os seguintes: adoitamos a dispoñer dun número máis ca aceptable de dispositivos portátiles e o que máis valoramos á hora de reivindicar as posibilidades dos blogs é a opción de “expresarnos con liberdade”. O 74% dos bitacoreiros afirmaron que teñen todo o seu contido en galego e o 60% deles emprega o termo “Galiza”. Tamén é importante salientar que hai unha boa parte de blogueiros galegos que non saben que tipo de licenza ten o seu espazo na Web.



BLOGOLLADAS

(detalles collidos ó voo)



MÁS CERTAMENTE QUE SIM!

· **Paulo Querido** (www.pauloquerido.net) abriu a súa intervención e rematouna coa seguinte frase: “*Código é poesía*”. Non se trata, por suposto, dunha chiscada de ollos ó poder evocador das palabras desta revista, senón dunha maneira directa de resumir o valor intrínseco da tecnoloxía como elemento creador. Ten vida a rede? É Internet un artista que colabora estreitamente no obradoiro de tódolos artistas? Segundo Querido, é ben diferente facer arte empregando a tecnoloxía de facer arte pictórico ou literario. As redes condicionan o enunciado, e o proceso creativo tórnase interactivo con ela, que se bota a alimentalo e a déixase alimentar. Google e Technorati condicionan a nosa visión das cousas e traballamos en función da Rede. E lle dicimos a este ente tecnolóxico cousas agarimosas, como por exemplo: “*Flash xa non vale, esquéctete del*” (“*Grazas a Deus*”, di alguén entre o público).



Colineta

· **Miguel Vila** (www.colineta.com). Miguel Vila ben puido ser unha dobre excepción, mais unha dobre excepción necesaria. E isto vén a conto porque non entra no que se entende por idades medias dos bitacoreiros prototípicos galegos nin tampouco trata unha temática moi común no noso país (cultura culinaria e recuperación da tradición gastronómica galega que se nos perde, irremediabilmente). Que exista un xornalista galego loitando en Internet pola preservación dunha parte importantísima da nosa cultura fai que nos preguntemos a nós mesmos: e por que non hai máis casos coma este? No seu blog non hai receitas, pero si espazos para a creación anónima e popular. Ó seu xuízo, cada día que morre unha avoa galega, morre unha parte do que somos, e o máis triste é que coa nosa xeración interrómpeuse esa canle de transmisión do coñecemento. “*A fin de contas, somos o que comemos, e se hai alguén que dubide da súa identidade, en Colineta se cadra lle poderemos dar algunha idea*”, dixo Miguel Vila a propósito do seu blog, inexpectadamente solitario e atípico no eido da blogosfera galega.



BRÉTEMAS

· **Manuel Bragado** (bretemas.blogspot.com). Manuel Bragado, director xeral de Xerais, entrou na blogosfera grazas a blogs como As túas balas, Capítulo Cero ou Orballo, proba de que o universo bitacoreiro expándese en base a contaxios, coma un andazo. Caeu definitivamente do cabalo logo de escoitar un estudo do xornalista Xabier Cid sobre este fenómeno das webs persoais e públicas. O nome de *Brétemas* non é unha metáfora de nada. *Brétemas* son as libretas que sempre van con el. Ó seu xuízo, unha das mellores utilidades dos blogs é a súa capacidade de arquivo. “*Editamos sempre para mañá*”, di. Ademais, serven para identificar tendencias, ofrecer información, ensaiar argumentos e, sobre todo, satisfacer a necesidade coñecer.



Dekialli

· **Catuxa Seoane** (www.dekialli.bitacorras.com). Catuxa Seoane opera dende o seu blog xunto a Vanesa Barrero, e conciben a súa bitácora coma unha tertulia ou un foro sobre biblioteconomía, documentación e tecnoloxías da información. É importante subliñar o termo “tertulia” (así: *tertulia*), posto que para Catuxa é probable que os blogs sexan, en parte, substitutos das vellas conversas no Café Gijón, Derby e semellantes. Ademais, son ferramentas de xestión do coñecemento, cerebros auxiliares que, no seu conxunto, constitúen a memoria de todo o que acontece en Internet.




Todo nada

· **María Yáñez** (www.todonada.com). Para María Yáñez, directora de Vieiros e (sen embargo) blogueira, o máis importante disto de poder converterte nunha bitácora é o feito de que calquera pode habilitar un blog e non é preciso ter grandes coñecementos. A responsable de Todonada recoñeceu que o seu traballo nun medio de comunicación non lle deixa moita marxe para actualizar a bitácora (sen embargo, como dixo Fernando Garrido, un blogueiro seguirá a ser sempre un blogueiro, aínda que se convirta en “algo” aparentemente distinto). María Yáñez ten claro que quere seguir apostando polos blogs, malia que aparentemente as razóns para telos pesan tanto como as razóns para non telos.



chuzal!

• **Berto Yáñez** (Chuzal.org). Chuzal!, o sistema de novas sociais, é un deses espazos na Internet onde os usuarios saturados de información poden respirar tranquilos. Ideal para os que teñan fobia ó exceso de datos, posto que só poderán ver o produto dun acto colectivo de peneirado (en concreto, un peneirado de xa preto de douscentos usuarios rexistrados... máis un gran volume de non rexistrados). Para que se entenda: Chuzal! é como axudarnos uns ós outros nisto de ler xornais, bitácoras e revistas. Como reparti-los cerebros, agora que se comparten computadores. O produto disto debería achegarse á consecución dunha boa colleita do coñecemento. Este proceso de destilado xornalístico e de promoción colaborativa non inclúe a figura do editor.... Chegados a este punto, se cadra algún lector se pregunta por que falamos de Chuzal! Berto Yáñez non quixo deixar EnBlogs'06 sen falar da súa "criatura", o sistema de valoración de novas no que tódolos internautas podemos participar, e non é preciso estar rexistrado para facer valoracións. *Chuzar* unha nova é darlle importancia, e cada un dos votos ten un valor diferente que vén determinado polo karma da persoa. Segundo indicou Berto, Chuzal! vai cara arriba de xeito irreversible, e se lle puído ver certo orgullo cando comunicou que se levan *chuzado* xa máis de 1.000 novas, con máis de 14.000 votos.


B2OB



• **Mónica André** (b2ob.blogspot.com). No seu blog reflexiona sobre aquilo que nos afasta e sobre o que nos achega a través do blogosfera. Sobre o que nos fai diferentes e o que nos fai iguais. A lisboeta Monica André apuntou ideas interesantes sobre o que pode ofrecer a blogosfera á comunidade galego-portuguesa. Esta irmandade, esta clara proximidade, facilitaría a creación de grandes colectivos, "grupos de investigación con realidades diversificadas, facilitando a presentación de traballos ricos polo que son quen de abranguer (global) e, ó mesmo tempo, atendendo a especificidades locais (global)".



Catuxa Seoane, María Yáñez, Pedro Silva e Berto Yáñez participaron no encontro EnBlogs'06



• **Isaac Cordal** (www.alg-a.com). As cousas que se contan en Alg-a son sempre novas e libres. É unha desas bitácoras que xorde da necesidade de ter un espazo físico e virtual onde experimentar. Ese é o termo chave, para entender Alg-a: experimentar. Un dos e-artistas deste espazo de comunicación, Isaac Cordal, deixou claro que a tecnoloxía da información abre interesantes mundos dos que aínda nin sequera se teñen conciencia. Os blogs son, se cadra, o mellor vieiro para a comunicación, a creación e o intercambio de ideas, e os artistas son hoxe en día máis fíos invisibles de información ca creadores no sentido estrito da palabra. A chave é deixar sempre as portas abertas do teu blog, como se fai en Alg-a, por se chega alguén novo e descoñecido.


Abertal estrea o primeiro servidor público de blogs feito en Galicia e en galego

Co gallo do EnBlogs'06 organizado polo Consello da Cultura Galega, a empresa Abertal presentou o seu sistema de bitácoras de Internet en galego e feito en Galicia, Blogoteca. O novo servizo permitirá a creación de blogs de balde, de xeito sinxelo e incorporando tutoriais de uso, o que resulta de grande utilidade para os usuarios novatos. Manuel Pan, na presentación da Blogoteca, incidiu no feito de que pretenden "encher un baleiro na Rede" de xeito que permite a publicación e xestión de blogs tanto en español coma en galego, non precisándose para tal ningún coñecemento de HTML ou programación.

As características coas que contan os blogs creados na Blogoteca son:

- Artigos con ligazóns e imaxe asociada.
- Artigos destacados.

- Ligazóns permanentes aos artigos.
- Clasificación dos artigos por categorías.
- Comentarios por artigos.
- Arquivo automático por meses.
- Ligazóns a outros Blogs ou páxinas de Internet.
- Posibilidade de personalizar o idioma do blog.
- Deseños predefinidos adaptables.
- Buscador integrado.
- Sindicación RSS 2.0

Pan tamén comentou que o sistema acepta altas indiscriminadamente durante un período inicial, de xeito que cando alcancen unha masa crítica de usuarios pecharán as altas libres para un formato de invitacións coma outros servizos populares da Rede, co que pretenden fomentar a conciencia de comunidade do novo sistema de publicación.



A relevancia do blogomillo e da súa análise

Fernando Garrido, membro do Observatorio para a Cibersociedade
<http://www.fernandogarrido.org/>

Neste último mes de abril culminou un proceso que levaba tempo abondo xerminando: a explosión mediática do “fenómeno blog”. Unhas xornadas en Compostela organizadas polo Consello da Cultura Galega (EnBlogs), un Congreso Internacional en Madrid, a publicación do libro *La blogosfera hispana* pola Fundación FranceTelecom e este número de Código adicado especialmente aos blogs, son catro boas mostras deste feito. Hai motivos que xustifiquen esta explosión mediática? Sen dúbida, o blog, en tanto que tecnoloxía social, está a imbricarse entre as pautas de comportamento dos usuarios da Rede dando lugar a algo novedoso, que mantén patróns semellantes a outras tecnoloxías sociais, pero que non deixa de ser un obxecto de estudo ou de análise especialmente substancial.

Hai unha morea de datos moi mediáticos sobre os blogs. A súa evolución cuantitativa está documentada polos estudos do *PEW Internet*, de Technorati ou polo blogómetro elaborado por varios mestres universitarios do estado. Por outra banda, está a evolución cualitativa, é dicir, como evolucionan os blogs no seu contido, na súa composición, como tecen unha rede de comúns, etc. Estas son as variábeis que, por exemplo, tentamos traballar nas enquisas a blogueiros. Pero non podemos ficar aquí, é preciso facer unha reflexión máis ampla sobre as bitácoras e as preguntas a este respecto son múltiples: Son as bitácoras unha moda? Deixaremos cedo de falar de blogs? Por que son relevantes os blogs?

Hai uns anos xa, o xa citado *PEW Internet* comezaba a rexistrar un cambio nos perfís dos usuarios máis activos da rede nos EEUU. Os consumidores de grandes cantidades de contido comezaban a dar pasos e a evolucionar cara a produtores de contido, sobre todo no que fai referencia aos weblogs, blogs ou bitácoras. **É aquí onde reside a especial relevancia do fenómeno, en que supón un cambio de concepción da Rede, que xa non é máis unha concepción pasiva ou consumista da mesma, senón que a concepción é activa e implica unha forte presenza da produción como pauta social.**

¿Qué papel xoga iso que se deu en conceptualizar como **Web 2.0**? Eu creo que de existir algo semellante a ese concepto é unha volta da Rede ás súas orixes, á sociedade, valor “ideal” (ou non material) que se artella arredor dunha serie de aplicacións que, por unha banda, fan máis doada a publicación de contido por parte de usuarios sen excesivos coñecementos informáticos (CSMs de todo tipo, como Movable Type, Blogger, Wordpress) ao tempo que se outorga un valor indubidábel á colaboración. Así, as folksonomías, os wikis, a propia Wikipedia ou Creative Commons supoñen diferentes manifestacións desta pauta.



Por outra banda, medir a Sociedade da Información, ou a súa evolución, nunca foi sinxelo e as máis das veces realízanse aproximacións moi parciais a este concepto. Aínda non existe un *corpus* exhaustivo de indicadores sociais, co que as máis das veces temos que limitarnos a cuantificar a evolución daquela en base á penetración de dispositivos (telefono móbil, PC, portátil, etc) ou dos diferentes accesos (banda ampla, telefonía móbil), algo que, sen ser erróneo, non deixa de ser unha aproximación incompleta. Tentar “cuantificar” a apropiación social da Rede é pouco menos que un disparate, pero si podemos tirar algún moi bo indicador deste proceso, proceso especialmente salientable, xa que se pode tomar como o concepto central para analizar a madurez dun país / cultura / comunidade lingüística en relación á Sociedade da Información e do Coñecemento.

E onde entran os blogs? Pois os blogs poden comprenderse como unha das principais manifestacións da apropiación social da Rede, co que analizar a emerxencia deste “fenómeno” comeza xa a ter un sentido. Analizar e comprender o *blogomillo* (nome empregado pola blogosfera galega para autodefinirse) é analizar e comprender a marcha e evolución da Sociedade da Información en Galiza. É máis, **esta análise supón unha boa diagnose da madurez da tan citada Sociedade da Información e do Coñecemento.**

Atopamos así a lexitimidade para adicar gran parte dos esforzos e recursos a investigar, analizar e teorizar sobre este fenómeno social. Agora ben, seguindo o fio desta argumentación, a pregunta non se fai agardar: Cal é a

situación de Galiza? Porque o certo é que segundo esta argumentación hai un oco para a esperanza e neste número de Código Cero realízase unha boa aproximación ao tema, ao igual que na *Enquisa a Blogueiros*, por poñer só un par de exemplos.

Mais cómpre non mitificar aos blogs. Por máis que dende diferentes lugares se tenta consolidar ao blog como resposta a case tódolos problemas (no *marketing*, na educación, na política, etc) o certo é que todo apunta a que esta tecnoloxía social aínda non rematou de estabilizarse e, en consecuencia, aínda mantén abertas expectativas que deben ser tomadas con moito tino. O, ao meu xuízo, o excesivo optimismo arredor do xurdimento deste fenómeno non está ben encamiñado, xa que o salientable é o cambio de paradigma que comentamos ao comezo deste artigo, dende unha concepción pasiva/consumista da Rede cara unha concepción activa/productiva da mesma e non tanto a “tecnoloxía” (o blog), que só é a “punta do iceberg”, o catalizador do cambio.

Deste modo, non é arriscado aventurar que en pouco tempo estaremos a analizar, teorizar e “mediatizar” algunha outra tecnoloxía social coma os fotoblogs, o podcast ou o vlog (videoblogs), e insisto, isto é importante, máis ás veces as árbores non nos deixan albiscar ben o monte. Neste caso, os blogs asumen todo o protagonismo mediático, cando o cambio radical está na concepción da Rede por parte do autor do mesmo... un autor que pode que canse de escribir nun blog nus meses, ou nun par de anos, pero que xamais poderá voltar a ser (só) un mero espectador ou lector da Rede.

a sociedade da DESESPERACIÓN

MANUEL GAGO / magago@usc.es

Cóntase dun grupo de esgrevios persoeiros da cultura galega que foron de visita ao Caurel para coñecer en profundidade a auténtica cultura galega. Era a época da ditadura. Paseando o grupo por unha corredora que por unha banda limitaba cunha elevada caeira, un dos turistas que ficou un pouco atrás tivo un momento de lucidez: *“Esvarades por esa costa abaixo todos e alá vai toda a cultura galega”*.

Independentemente da veracidade ou non da historia -cousa que non teño nada clara-, o conto resumía a extrema febleza de recursos humanos da intelectualidade comprometida co país hai non demasiados anos e a delgada liña de todo o que construíran. Eran un grupo de amigos tremendamente activos que multiplicaban o seu tempo libre para escribir libros, fundar editoriais, manter intensas correspondencias, participar no activismo político, organizar certames literarios, prologar obras de vaidosos e noveis rapaciños que poderían garantir o futuro da cultura nacional, escribir folletos, dar conferencias e pagar do seu peto edicións de obras clásicas traducidas a vernáculo.

Mantiñan acesas faíscas procedentes de toda a tradición da nosa cultura ata a chegada de tempos mellores. Hoxe, ao vérmolos o seu traballo, magnificamos a súa presenza minoritaria na Galicia do momento, pero aos ollos da época serían o que hoxe coñeceríamos como *frikis*, preocupados por unha causa que pouca xente estimaba relevante ou mesmo de interese. A sensación do momento resumíase no que lle declarara unha vella vaguesa, membro do primeiro equipo feminino de fútbol do país, fundado en tempos da República, a unha compañeira miña: *“Ah, los galleguistas. Andaban por ahí. La verdad es que no les hacíamos mucho caso”*.

Afortunadamente, aquela xente traballou arreo a pesar da

incredulidade xeral: tecían, creaban un imaxinario cultural en directo que nós tivemos a sorte de herdar.

Esta vedraia reflexión vén a conto de comprender o momento actual da Nosa Sociedade da Información. Comezamos a ter velocidades domésticas de relevancia a través de ADSLs cada vez máis mellorados. A revista *Fortune* editaba un artigo de título significativo no seu último número: *“The boom is back”*, na que afirma que o investimento nas aplicacións do que se coñece como web 2.0 poden dar dividendos substanciais a partir de agora. E os blogs están a remexer a esfera pública con novos protagonistas, ideas que circulan coma o lume sobre a pólvora e creando un número inxente de novos comunicadores. Vivimos nun momento de euforia, máis mesurada pero se cadra igual de entusiasta que a que acompañou a expansión de Internet a finais dos 90. O imaxinario mediático volve encherse de anglicismos que resumen tendencias, tecnoloxías e formatos. E a miña pregunta é: ¿canto disto é real?

Os sociólogos dirían que non é tanto o que teña de real como o reais que sexan as súas consecuencias. E con respecto a esta euforia colectiva que comparto, permítanme que a miña parte Mister Hide sexa bastante escéptica.


Entrementres, escríbense as grandes palabras, nun desenvolvido país da Unión Europea como este, como ben saben os sufridos lectores do meu blog (www.manuelgago.org/blog/) as dúas operadoras de telecomunicacións con capacidade de conectarme en Santiago -Telefónica e R-tivéronme catro meses nun deserto de redes no centro da cidade, con lamentábeis consecuencias reais para o meu estado anímico. Pura prosaica realidade xusto na base do sistema. Coma desenchufar o aparato de música no medio

do tema *Vértigo* de U2. Ou abrir unha porta ou toparse cun muro de ladrillo co cemento aínda fresco. Para vivir a revolución dixital, posiblemente o modelo de servizos de conectividade dixital tamén teña que ser mudado.



Λ "Communication City", de eBoy, sobre os novos servizos web 2.0.

Blogoprimavera (e II)



E xa que falamos de bitácoras, damos conta agora dalgunhas Noticias sobre a blogosfera e dalgunhas novas *marelas, rubias e xubencas* no blogomillo

F. SARASQUETE

A Chocolataría de Santiago anima a reflexionar sobre arte no seu blog

<http://www.achocolataria.blogspot.com/>

“Habemus blog”, deste xeito ábrese unha nova porta na blogosfera galega. Detrás desta interesante novidade cibernética está a Chocolataría de Santiago de Compostela, unha antiga fábrica do casco vello da capital galega reformada e convertida no espazo de arte máis “doce” da cidade, que está estes días estreando blog. Trátase dun espazo web en lingua única (o castelán, cousa que non deixa de ser chamativa tendo en conta que o nome do proxecto está en galego) que, ademais de bitácora é recuncho de información sobre as mostras de arte que se poden visitar nas súas instalacións.

Tamén hai datos sobre os artistas, as actividades que se levarán a cabo ó longo do ano, información sobre os visitantes e as visitas guiadas. Malia todo, un dos puntos máis salientables deste novo espazo é que lle ofrece ós visitantes a posibilidade de interactuar coa arte, preguntar e participar nela deixando opinións, suxerencias, críticas, comentarios.

Con esta iniciativa, A Chocolataría quere achegarse o máximo posible ó seu público e ofrecerlle un mellor contacto, tanto coas distintas formas artísticas como coa arte contemporánea que podemos atopar nas súas instalacións, entre diversas máquinas de facer chocolate, xa que como ben din por aí (non lembramos quen), a arte, se é de chocolate, mellor.



Dúbdidas: un blog que nos pon ó día sobre as actualizacións lingüísticas do galego

<http://dubidaslgcas.blogspot.com/>

Vía Chuza.org (enviado por Caledonia) atopamos a mención a unha interesante proposta blogueira e cen por cen galega. Trátase, en realidade, dunha bitácora que podería ser auga de maio para todos aqueles que estivemos ou estamos un pouco perdidos no que se refire ás actualizacións da normativa do galego. É dicir: Dúbdidas é de visita obrigada para as persoas que están aprendendo o galego ou ben para as persoas que o falamos de toda a vida pero nas súas variantes comarcais máis intrincadas. Amais, é un servizo de primeira orde para os *webmaster* que queiran apostar por incluír o galego nos seus *sites*. Para ir deixando as cousas claras, unha das máis recentes entradas deste blog advirte ós críticos coas actualizacións da normativa que en realidade son menos frecuentes do que semella a primeira vista e, ademais, houbo casos de como as revisións do alemán que trouxeron consigo moita maior polémica. Ademais, non é totalmente correcto falar de actualizacións da normativa. O apropiado (din) é “actualización lingüística”.

Dúbdidas tamén inclúe abundosa información sobre as palabras rematadas no sufixo *zo* ou *-za*, os demostrativos neutros, a formación do feminino, os cambios na acentuación, etc.



Recompilación das mellores imaxes sobre ilusións ópticas

<http://mightyillusions.blogspot.com/>

Vía Pedro Jorge Romero atopamos un deses blogs que divirten e sorprenden a partes iguais. Trátase de Mighty Optical Illussions e, malia que sexa un tópico, debemos dicir para presentalo que é coma un museo de imaxes que presentan cousas que non son o que parecen. Ou sexa, que a sorpresa vén cando descubrimos que o ollo nos engana. O responsable deste proxecto, que acode con frecuencia á súa bitácora para actualizada, quere converter o seu sitio no de meirande calidade da Internet dentro da súa temática. A bitácora consiste nunha longa listaxe de fotografías con breves comentarios que as explican. Unha das que máis nos chamou a atención foi a captada a partir do servizo Google Earth (no que podemos ver a terra a vista de paxaro). Un coche e unha sombra ó seu carón do mesmo tamaño dan como resultado o seguinte efecto: o coche voa! O blog tamén recolle xogos ópticos, capturas de publicidade e debuxos con dobre “lectura”.



Martin Pawley (Dias Estranhos) e Pedro Jorge Romero (Pjorge.com), premiados

<http://pawley.blogalia.com/>

<http://www.pjorge.com/>

Os Premios 20Blogs 2005 cos que o xornal 20 Minutos quere recoñecer ás mellores bitácoras de Internet do ano pasado teñen máis sabor galego do que críamos nun principio. Nun primeiro intre localizamos entre os blogs premiados ó de Pedro Jorge Romero, un caderno escrito

dende Compostela do que temos falado en moitas ocasións nesta revista, pero tivo que ser necesaria unha turrada de orellas na Web (aínda nos doen, a verdade) para que localizásemos na listaxe de galardoados outro curruncho redactado dende aquí e co idioma de aquí. Trátase de *Días Estranhos*, que conseguiu ser recoñecido por 20 Minutos como o Mellor blog noutras linguas constitucionais, “diario dun rancoroso doente de cinefilia” no que se dá conta de todas aquelas películas que nunca poderíamos ver en Antena 3. Entre outras cousas de interese, a bitácora inclúe estes días un repaso ás interesantísimas *road-movies* que proxecta a Fundación Caixa Galicia nas súas sés espalladas polo país. Asemade, non todo é cinema e hai sitio para reflexións sobre un mundo, o que nos rodea e sostén, que parece en moitas ocasións, o *remake* dun mal *remake*. Trátase dun blog de visita obrigada, non só para os amantes do cine, senón para todos aqueles que desexaron, nalgun intre da súa existencia, vivir unha vida distinta.



De Pinchos: anímase a blogosfera culinaria galega?

<http://www.blogoteca.com/depinchos/index.php>

Nunha xuntanza recente sobre a blogosfera celebrada en Compostela, no capítulo de pregarías e queixas, puidemos escoitar que se botaban de menos bitácoras que tocasen o tema da cultura culinaria, a gastronomía e a cociña tradicional galega. Será que mentres escribimos na Rede perdemos bocado? Malia todo, na Blogoteca xa puidemos rastrexar algún caderno persoal recentemente inaugurado que xira arredor dunha desas prácticas que ningún soe desenvolver, precisamente, a desgusto: a de tapear. É o caso do blog De Pinchos, unha bitácora que é unha guía subxectiva de bares (subxectiva porque son os que máis lle gustan ó seu autor) e que, a maiores, é unha homenaxe a un xeito de comer e facer turismo que é tipicamente noso. No caderno faise referencia, sobre todo, a locais de Pontevedra, pero tamén puidemos ver doutras cidades como Santiago e Lugo. De Pinchos é un exemplo de como tocar temas universais a través dos detalles pequenos. A fin de contas, falar de ir tapas tamén é falar dunha das mellores formas de comunicación entre as persoas que se teñen inventado.



Máis refráns, contos e xogos populares na web Galica Encantada

www.galiciaencantada.com

Non se trata dun blog, exactamente, pero en certo sentido opera como tal, cunha gran marxe de participación para un amplo colectivo de internautas. Imos falar de Galicia Encantada, a web do escritor Antonio Reigosa que recolle e preserva as lendas da mitoloxía popular do noso país e que segue a medrar. O proxecto, que comezou como un esforzo a prol da conservación da tradición oral galega agora que as vilas do interior son cada vez menos aldeas e máis xacementos arqueolóxicos, consolidouse como un libro colectivo sobre castelos encantados, contos na lareira, diaños, ritos, meigas ou agochos de mouros. A web, que fala polo tanto da historia que non aceptarían os científicos, incorporou hai uns días novas seccións como as que inclúen datos sobre a fundación do Mosteiro de Celanova, refráns sobre cogomelos ou xogos populares como o do Lobo Meigo e o Manxorro. Tamén se incorporaron novos relatos (como A luz de Vilar de Cans ou As orellas do Monte Rubiás) e novas palabras coas súas definicións (como o termo "tortón")

A web Galicia Encantada, que está operativa dende marzo de 2005, ten o seguinte obxectivo principal, segundo nolo fixo saber Reigosa con motivo dunha reportaxe recente: aproveitar as posibilidades da Internet para achegar a calquera interesado, sexa cal sexa o punto xeográfico onde se atope, a máxima información posible arredor da cultura tradicional galega. Ao mesmo tempo, e á inversa, esta mesma vía permite estar en disposición de incorporar á súa base de datos todos aqueles textos, documentos, lendas e demais manifestacións do tradicional galego que calquera colaborador, desde o recuncho máis insospeitado, teña a ben achegar.


Os temas que están accesibles dende hai meses na páxina, malia súa variedade, forman parte dun mesmo tronco: *A Morte, Andel de Marabillas, Astroloxía, Augas, Calendario, Cocos e Monstros, Edificios Encantados, Fauna, Flora, Galicia Desaparecida, Lume, Heroes, Literatura, Medicina, Mitoloxía Relixiosa, O Alén, O Demo, Seres ou Xeografía Mítica*. Cada tema é un clic que nos leva directamente a coñecer lendas de personaxes como o cura Antónianes e os nubeiros, Roldán e as costureiras de Puxares ou se cadra ó mítico bandoleiro galego Xan das Congostras. A web baséase na teoría de que cada internauta galego coñece, polo menos, unha historia interesante que contar sobre a súa terra.



O concurso HazRuido.com xa ten gañadores

<http://www.hazruido.com/>

Non é un proxecto galego, pero ten o seu interese. Falamos do concurso de posicionamento en Google HazRuido.com, organizado por Alianzo e google.dirson.com, que deu como gañadora á web microsano.spacebom.com, por ser a primeira en aparecer cando se busca microsano en Google.es. O termo microsano non existía antes do concurso e agora xa aparece en catro millóns de páxinas web. Aparte do concurso de posicionamento en Google, tamén había outras categorías coma maior número de visitas durante os dous meses do concurso, que foi para Jordi Camps pola web hospedada en mayorhinchadadelmundo.hazruido.com; maior número de ligazóns en Technorati, para Javi Vicente con javivicente.hazruido.com e meme máis creativo, para Fernando Cuadrado, por qualitativo.com.



Un macroálbum de fotos colectivo deseñado por galegos

<http://www.ifotoalbum.net/>

Chéganos vía e-mail unha invitación a navegar polo Ifotoalbum.net, un fotolog que está a ter moia repercusión na comunidade internauta española (principalmente) e que se dá a casualidade de que está desenvolvida por un equipo de mozos galegos, os que integran a empresa Igasoft da Coruña. De momento (indican) só poderemos desfrutar do servizo en castelán, pero o equipo de programadores advirte de que en breve estará dispoñible en galego. Ifotoalbum.net, que arestora ten case un milleiro de usuarios (con preto de 25.000 fotos penduradas), é unha rede social baseada no emprego dun gran álbum de fotos colectivo que aproveita os novos recursos de Internet (Web 2.0) para facer máis curta a distancia que separa ás persoas (neste caso principalmente mozos e mozas). O servizo pon a disposición dos internautas a posibilidade de habilitar un espazo propio (fotolog particular) para ser personalizado. A empresa Igasoft, integrada por xente nova (é unha firma nova en todo o senso do termo), centra o seu traballo no desenvolvemento web, en solucións de software e en aplicacións para dispositivos móbiles.



Chegan a Galiza os blogs corporativos!

<http://www.maderadblog.com/>

En cuestións de Internet téndese a vencellar ós blogs con internautas particulares das redes con nomes e apelidos, xeralmente con algo interesante que dicir (aínda que isto non se dá sempre... máis ou menos coma na vida real). Mais os partes meteorolóxicos blogosféricos indican unha nova tendencia: unha fronte de bitácoras corporativas que desenvolverían un novo xeito de comunicación entre empresas e (posibles) clientes. É nesa liña de busca de proximidade co usuario onde podemos situar Maderadblog.com, bitácora corporativa galega pertencente á firma La Nuestra Comunicación Publicitaria, de Oleiros.

A fórmula, definida polos seus responsables como novo un xeito de crebar barreiras con compañías, clientes e provedores, saca proveito de certas características da nova Internet, como por exemplo da opción de recibir labazadas verbais e que os demais (a restante comunidade blogueira) cheguen a velas e escoitalas. Cal é o principal efecto disto? En primeiro lugar: que lle caías máis simpático ó teu futuro cliente, precisamente por esa vontade de expoñerte. O que si que semella estar fóra de toda dúbida é que, con este tipo de iniciativas non só sae gañando a propia empresa, senón tamén os usuarios de Internet, que finalmente recibimos un pouco de aire fresco e creatividade nisto da promoción comercial nas redes.

Maderadblog.com, que segundo os seus creadores é o primeiro destas características que xorde en Galiza, ofrece todo tipo de entradas sobre publicidade e comunicación, no sentido máis amplo e internacional do termo.



Benedicto: sen deixar nada dentro

<http://www.blogoteca.com/chiscandounollo/>

A Blogoteca, sistema autóctono de blogs posto en marcha pola empresa galega Abertal, xa está en marcha. Chegamos a ela, chamamos á porta e atopamos a Benedicto García Villar, un dos primeiros en instalarse na casa, falándonos de asuntos como por exemplo a necesidade de ter presentes os acontecementos do 25 de abril de 1974 en Portugal (a revolución dos capitáns), a loita, Zeca Afonso, a política, a educación, a arte. Profesor e músico, integrante do movemento Voces Ceibes, compostelán, espírito libre, Benedicto dálle a volta a estas estatísticas que nos falan case tódolos días dunha presenza unánime na blogosfera galega de menores de trinta anos. Que ninguén agarde atopar neste blog algo que non sexa compromiso.

No lado esquerdo do seu caderno web, en letras brancas, albiscamos o que ben podería ser o seu manifesto blogueiro, declaración de principios aplicable, coma anel ó dedo, a todo o noso universo bitacoreiro: *"Deixa aquí a túa mensaxe sempre que algunha idea, algún estímulo, che veña á cabeza. Isto non ten senso só nunha dirección. COMPARTE cos demais os teus pensamentos. Non os deixes dentro. Escribe no lugar indicado. É máis fácil do que parece... e de calquera xeito, gracias por pasar por aquí"*. Non é este, acaso, o espírito dos blogs?



Humor, poesía e retranca: a mellor medicina

<http://www.blogoteca.com/orefrancero/index.php>

A Blogoteca, ese sistema de Abertal do que falamos en páxinas anteriores, semella que está a alimentar con vitamínas e minerais o pulo blogosférico galego. A nós, dos creados ó seu abeiro, un dos que máis nos gustou foi este do que falamos aquí e agora, unha sentida recompilación desas frases feitas que tanto nos recordan ó nosos maiores (e non nos enganemos: cada vez que lle damos renda solta a un refrán, hai un avó e unha avoa que fala pola nosa boca e que non morre endexamais). Revitalizar os refráns é unha forma de galeguizar as cidades, as novas urbanizacións, os polígonos industriais, os hotéis de luxo, os centros comerciais, as casas adosadas e máis os restaurantes.

É, ademais, unha forma de humanizar todos eses espazos. Segundo lembra a responsable deste blog, os ditos populares *"son sentenzas que conteñen tanta verdade que poden ser aplicadas ás situacións máis cotiás que vos poidades imaxinar"*. O seu caderno é un xeito de explicar con probas e exemplos esa "aplicabilidade" dos refráns. Díto doutra maneira: non hai circunstancia ou situación da nosa vida cotiá, por moi estraña e pouco frecuente que nos pareza, que non se empreste á inclusión dun bo dito popular.

Cómpre sinalar que estes tamén teñen un efecto acougante: os nosos vellos empregábanos moito cando se vían mergullados en realidades distintas ás súas. Ou sexa: non sería de estrañar que na emigración, en terras inhóspitas, o uso dos refráns abrise portas á familiaridade. Humor, poesía e retranca. Pode haber mellor medicina?



Santiago Pemán: teremos un novo blog do tempo?

<http://www.santiagopeman.com/>

Vémolo en Chuza!, a preparación do que ben podería ser un blog especializado no tempo, ou se cadra será máis ben un portal de información meteorolóxica ó uso. O caso é o que proxecto de Santiago Pemán aínda está no forno, e todo o que podemos facer é (máis ou menos) especular sobre os seus ingredientes. O que si que é salientable é que as primeiras informacións achegadas na web, sobre a propia web, están en castelán, e iso que Santiago Pemán e a lingua galega, na nosa memoria colectiva, semellan dúas cousas cun aquel de indivisibilidade. Teremos que ler “tormentas” por “treboadas”?



Proxecto Esmelle: os veciños defenden o seu medio

<http://www.blogoteca.com/pesmelle/>

Esmelle é un nome con sabor a historias vellas, misterios e lendas. Mais non é de mitos, precisamente, do que se fala neste novo blog, espazo de comunicación do proxecto do mesmo nome, senón da natureza e do intercambio de coñecementos a prol da súa conservación e recuperación. A iniciativa naceu no ano 2003 na parroquia de Esmelle, en terras ferrolás, e ten como principal obxectivo “a revalorización do Val de Esmelle baseándose na recuperación do seu patrimonio inmaterial e dos bosques galegos, no turismo ecolóxico e no aproveitamento sostible dos recursos”. É dicir, neste blog podemos atopar ideas de valor sobre o que se pode facer a prol de poñerlle freo ó eucalipto, ó lume, á flora e a fauna invasiva, á proliferación de vertedoiros incontrolados e (non menos importante) ó despoboamento da Galiza rural e a fin dunha parte da nosa memoria (e de nós mesmos). Porque, non nos enganemos, a loita por evitar que esa Galiza esmoreza é, tamén, un esforzo a prol do medio natural, e no noso país apenas se entende unha cousa sen que se nos remita á outra. O proxecto Esmelle atopa na blogosfera (vía Blogoteca), como dan a entender os seus membros no caderno, unha maneira de atopar novas ideas e propostas e novas mans que axuden a restaurar muiños, sementar árbores autóctonas e organizar mesas redondas e todo tipo de actividades.



Viaxes por nós mesmos

<http://www.blogoteca.com/viajeinterior/>

A Web dá moito xogo para os cadernos de viaxes, e é nesa liña de aproveitar ó máximo as posibilidades de presentación de acontecementos que permite a blogosfera onde hai que situar este que presentamos. Viaxe Interior, chámase, e se cadra non podía aparecer no mellor momento, agora que hai máis horas de luz para escribir sobre esta ou aquela fonte, sobre o moito que desfrutamos

desvelando os misterios da Ribeira Sacra ou sobre o ben que nos sentou aquel licor café co que rematamos a xornada. É un blog anónimo, mais iso semella un bo xeito de contribuír a que o lector se identifique co que le, e que até acabe por ter a sensación de que isto ou aquilo viviuno e escribiuno el. Este, coma tódolos blogs que alberga a Blogoteca, nace no mes de abril, xusto cando moitos de nós comezamos a meter cousas na mochila e albiscar nos mapas na procura de non se sabe moi ben que. A necesidade de viaxar é un misterio, e é posible que xorda exactamente do mesmo sitio do noso interior onde xorde a necesidade de ser mellores persoas.



Bioviticultor de Valdeorras: un espazo para a reflexión en torno á agricultura ecolóxica e a enoloxía

<http://www.blogoteca.com/manueldocampo/>

O bo da blogosfera é que pon ó alcance de tódolos internautas cadernos persoais que, de non estar en liña, ficarían inéditos. É dicir: se un dos fareiros de Sálvora decidise no século XIX escribir unha bitácora, que medios reais tería para permitir que os demais lle puxeramos o ollo enriba? Os lumes das lareiras dos antergos foron alimentados, tamén, con cadernos de apuntamentos, e o papel, a diferenza do blog, quencia as longas noites inverniais dos antepasados. Os blogs permiten escribir dende tódolos currunchos e dende ningures.

O blog de Manuel Docampo chéganos dende un sitio ben concreto: dende o pé do Río Sil, no Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra, onde as Adegas Docampo-Gacio elaboran viño de Denominación de Orixe Valdeorras, de produción ecolóxica. A blogosfera permítenos, a través desta bitácora, entender en que consisten os traballos na viña e na adega ou como se segue un ritmo cósmico favorable para que as tarefas sexan o máis respectuosas coa natureza. Tamén nos ofrece pequenas xanelas ó día a día desta explotación vinícola, coma miúdas canles de acceso a un xeito de traballar respectuoso coa economía rural do país e que, doutro xeito (de non contarse con este “inventor” das redes), apenas poderíamos albiscar, ou polo menos non con tanta inmediatez. O blog en cuestión é, tamén, un espazo de diálogo sobre a agricultura ecolóxica e a enoloxía.



Greenpeace lanza un photoblog sobre o lixo

[Http://www.phedigital.com/](http://www.phedigital.com/)

O Festival Internacional de Fotografía e Artes Visuais (Photospaña) creou xunto con Greenpeace unha bitácora fotográfica para concienciar sobre o problema do lixo, aceptando fotografías de afeccionados e profesionais. O novo blog pretende amosar as problemáticas dos residuos a través de temas como a xeración de lixo, o sobreenvasado, os produto de usar e tirar, a separación e o reciclaxe de residuos, a alteración da paisaxe e a contaminación.



Campaña electoral do reitor da USC no blogomillo

<http://www.senenbarro.org/blog/>

Serviulle o seu blog a Senén Barro, reitor da Universidade de Santiago, para gañar as pasadas eleccións para o goberno desta institución educativa? Probablemente non, pero tampouco se pode subestimar o feito _se cadra importante_ de que unha boa parte da súa actividade preelectoral fora desenvolvida no seu caderno persoal, posto en marcha o pasado mes de abril.

Nesta bitácora, o reitor reelecto da Universidade de Santiago ofreceu (e, supoñemos que seguirá a ofrecer) de xeito pormenorizado a súa visión sobre como debe ser unha universidade, sobre os roles da muller no tecido educativo ou o papel que xoga o Campus de Lugo dentro desta institución compostelá. Malia as súas particularidades, o blog de Barro mantivo a estrutura máis ou menos clásica dun blog, abrindo debates, actualizando contidos e posibilitando a incorporación de comentarios. A cuestión das eleccións á institución educativa xerou a posta en marcha dun fenómeno *blogosférico* digno de ser tido en conta. Nesta liña de paixón polo debate en liña atopamos bitácoras de espírito máis ben crítico como www.reitormausc.blogspot.com e www.usc2006.blogspot.com ou www.xerome.blogspot.com.



López Orozco, en diálogo coa comunidade internauta no seu blog

<http://www.joselopezorozco.com/>

Vía Eva Campos, coordinadora de novos proxectos de Europa Press e colaboradora desta revista, descubrimos que Xosé López Orozco, alcalde de Lugo, é o segundo alcalde de capital de provincia en España que publica en blog, mais o importante non é iso, senón que é o primeiro deles que inclúe a posibilidade de incorporar comentarios dos internautas.

É dicir: López Orozco manteríase así fiel ás funcionalidades dos blogs e a unha das súas primeiras razóns de ser: establecer debates. O blog, que inclúe entradas con frecuencia, non é un mero buzón de suxestións ó alcalde, en primeiro lugar poque nos buzóns de suxestións tradicionais as misivas soen ir directamente á papeleira sen abrirse primeiro. Pódese considerar como un acto de valentía o feito de que un político se expoña deste xeito ante a comunidade internauta, onde tanto xorden comentarios interesantes como insultos persoais (aproveitando condicións de certo anonimato)? Que cada lector pense o que lle pareza, pero está claro que López Orozco xa sabía o que se lle ía vir enriba antes de converterse en *blogger*. É dicir: aceptou as regras do xogo. Sexa como sexa, benvido ó *blogomillo*, alcalde.



EUROPA PRESS e varios CONCELLOS GALEGOS poñen en marcha

UN SISTEMA DE BLOGS PARA OS CIDADÁNS

REDACCIÓN

A INICIATIVA CADERNOS CIDADÁNS (TAMÉN COÑECIDA COMO UN BLOG PARA CADA CIDADÁN) QUE PROMOVE A AXENCIA EUROPA PRESS ESTÁ A BOTAR FONDAS RAÍCES EN GALIZA. SE O MES PASADO FALABAMOS DA EXPERIENCIA VIGUESA, AGORA TOCA FALAR DE TRES NOVAS EXPERIENCIAS WEB: ADE LUGO, ADE SANTIAGO E

ADE ARTEIXO. ESTA ACTIVIDADE, QUE SE ENCADRA NAS CELEBRACIÓNS DO DÍA DE INTERNET (17 DE MAIO) NAS DEVANDITAS LOCALIDADES GALEGAS, CONSISTE NA POSTA EN MARCHA DUNHA "MÁQUINA DE BLOGS". FALAMOS DUN SERVIZO PARA TÓDOLOS CIDADÁNS QUE ACHEGA BITÁCORAS VIRTUAIS E QUE

FUNCIONA DE ALTOFALANTE, DE ESPAZO DE REFLEXIÓN POLÍTICA E SOCIAL PARA PERSOAS, COLECTIVOS OU PERSOEIROS. OS CADERNOS CIDADÁNS OPERAN SOBRE A IDEA DE QUE INTERNET É SINÓNIMO DE LIBERDADE DE EXPRESIÓN.

A EXPERIENCIA DE LUGO

www.lugo.cidadans.net

Nunha entrevista recente a unha coñecida blogueira galega fixémoslle até dúas veces a mesma pregunta, máis polo interese noso persoal na cuestión ca por simple despiste (aínda que disto tamén houbo algo). A pregunta era: poden os blogs mellorar a sociedade? A súa resposta foi exactamente igual nas dúas ocasións: "Si que poden, porque democratizan a información". Tendo en conta isto, podería un sistema de blogs local para tódolos habitantes dunha cidade mellorar a calidade de vida desa cidade? Segundo o Concello de Lugo e a axencia Europa Press a resposta é afirmativa e non hai marxe para a dúbida.

É precisamente dese convencemento de onde parte a iniciativa presentada o 6 de maio no consistorio: Cadernos de Lugo. Trátase dun proxecto irmán do posto en marcha recentemente en Vigo e do que se puxo hai días en Arteixo e en Santiago: unha plataforma de blogs concibida para que os veciños e os colectivos teñan o seu diario persoal en Internet, cun punto de vista sobre todo local. A web Cadernos de Lugo, que se encadra dentro das actividades programadas polo Concello para celebrar o Día de Internet, foi presentada pola coordinadora de Participación de Europa Press Net, Eva Campos (colaboradora de Código Cero) o alcalde Xosé López Orozco e a concelleira de Servizos Sociais, Luisa Zarzuela. Todos eles coincidiron en que os cadernos son unha aposta desta cidade galega pola cidadanía dixital e, en definitiva, por unha forma de fornecer a democracia a través do emprego das novas tecnoloxías. Cómpre sinalar que este non é o primeiro paso que dá o Concello de Lugo no camiño do afianzamento das novas redes. Lugo, que forma parte de Cidades Dixitais, destaca no panorama galego e español por ser unha das poucas urbes que conta cun alcalde blogueiro.

Xosé López Orozco leva meses mantendo comunicación directa cos seus veciños a través da súa bitácora, onde se poden atopar todo tipo de reflexións (algunhas delas poderían acabar coa paciencia de máis de un blogger, pero nada hai que indique que López Orozco vaia abandonar a súa bitácora) sobre a vida política e social da cidade. Sinalar que este espazo persoal comezou a súa andaina o pasado mes de febreiro, e xa foi obxecto de 1.384 comentarios. Agora, con este novo proxecto que achega Europa Press (Cadernos Cidadáns), o Goberno local aspira a xerar unha comunidade virtual con intereses comúns baseados no territorio, achegando á cidadanía novas posibilidades de comunicación cos seus veciños e o seu axuntamento. Amais, Cadernos de Lugo servirá para afondar na promoción da cidade en todo o mundo a través de Internet, a través do mellor vieiro posible: por boca dos seus propios habitantes.

O blog de José López Orozco é www.joselopezorozco.com

ACTIVIDADES SOBRE LUGRÍS E CONSTRUCCIÓN DUNHA AULA MULTIMEDIA

Ademais da adhesión ó proxecto Cadernos Cidadáns de Europa Press, o Concello de Lugo ten previstas outras actividades para conmemorar o 17 de maio, Día das Letras Galegas e (tamén) Día de Internet. Así, dende a xornada do 16 achegarase na web municipal información exhaustiva sobre Manuel Lugrís, o escritor homenaxeado este ano na festividade da cultura galega, ofrecéndose ademais ós usuarios a posibilidade de interactuar coa historia (obra e biografía do autor) presentada. Asemade, durante o acto de presentación de Cadernos Cidadáns, Zarzuela anunciou a vindeira adjudicación da oficina técnica do proxecto Lugo Dixital. A concelleira sinalou que unha partida deste proxecto irá destinada á instalación (antes de que remate o ano) dunha aula multimedia para formación de persoas con risco de exclusión dixital. A construción deste espazo levará consigo un investimento de 100.000 euros e estará situado no Centro Social do Castiñeiro. Contará con 14 computadores e sistemas de videoconferenza. A previsión do Concello é "alfabetizar dixitalmente a unhas 3.000 persoas até o ano 2008".



A EXPERIENCIA DE SANTIAGO

www.compostela.cidadans.net

Santiago, xunto con Vigo, Arteixo e Lugo, é unha das urbes galegas que forma parte do proxecto Cadernos Cidadáns de Europa Press, servizo que na súa "versión" para a capital de Galicia chámase Cadernos Composteláns. Esta iniciativa web, coma as súas "irmás", servirá principalmente para dúas cousas: 1º Para que os cidadáns empreguen o sistema de blogs que se pon ó seu alcance e opinen, dialoguen, comenten, compartan coñecemento e, en definitiva, participen na vida democrática da cidade. 2º Para que non quede ninguén no mundo sen coñecer Compostela, vía Sociedade da Información. Ou sexa, que do que se trata é de animar ós santiagueses a empregar un diario persoal, igual cós diarios persoais que todos empregamos antes da chegada da Rede pero coa vantaxe de que é de balde, chega a moita máis xente, non se estraga co paso de tempo e, amais, permite a participación dos demais bitacoreiros. Na posta en marcha dos Cadernos, que se celebrou no consistorio, estiveron Marta Álvarez-Santullano, concelleira delegada de Persoal e Jaime Estévez, director de Novos Proxectos de Europa Press. Foi Estévez quen nos contou que Compostela, xunto con Vigo, Arteixo e Lugo, foi unha das cidades galegas que máis interese amosou nestas ferramentas achegadas por Europa Press, que é (nin máis nin menos) unha invitación para que os veciños exerzan a súa liberdade de expresión. Estévez tamén fixo fincapé na potencialidade dos Cadernos Cidadáns para integrar nun único espazo os diferentes blogs xa existentes, posibilitando "a creación de novos blogs entre os cidadáns, colectivos e personalidades salientables da cidade".



A EXPERIENCIA DE ARTEIXO

www.arteixe.cidadans.net

Téndese a pensar que detrás dos grandes proxectos web locais unicamente hai cidades de certa envergadura, pero logo xorden iniciativas como Cidadáns de Arteixo e hai que crebar en mil anacos os prexuízos e as ideas preconcebidas (estas, de feito, é mellor levalas crebadas de antemán). A este Concello coruñés chegoulle a proposta de Europa Press (proposta enviada ós municipios de máis poboación de Galiza, entre os que se acha Arteixo) para desenvolver un sistema de blogs feito para os seus habitantes, e o que atopou a dita axencia foi "moito interese e vontade de participación".

Froito desta receptividade é Cidadáns de Arteixo, plataforma de bitácoras concibida para "axudar a veciños e colectivos a ter o seu propio diario en Internet, cun enfoque primordialmente local". Cal é a finalidade de todo isto? Pois, en primeiro lugar, incrementar a liberdade de expresión do municipio. Amais, o servizo vai orientado a fornecer a comunicación de dobre vía: por unha banda a que manteñan os veciños entre si e, pola outra, a que establezcan co Concello.

A ferramenta, que tamén se concibe como unha canle de promoción de Arteixo no mundo, está a ter uns altos niveis de participación, cun bo número de cadernos en activo, onde podemos atopar comentarios sobre o concello e os seus puntos de interese turística, consellos, imaxes, saúdos, bendidas, despedidas, manifestos sociais e tecnolóxicos e incluso pequenas narracións como anacos recollidos da vida dos usuarios polos propios usuarios (*Viaxe ó centro de Arteixo*).

Os Cadernos desta cidade, como os seus "irmáns" galegos, desenvolvéronse co obxectivo de darlle coherencia á vontade democrática do proxecto: se de verdade se pretendía que foran unha vía de diálogo local, había que congregarse á máxima cantidade de xente, e isto só se podía acadar suprimindo da web todo aquilo que puidese confundir ó internauta.



+Internet + Galego + Futuro



17 de maio:

**Día das Letras / Día de Internet /
Día Mundial das Telecomunicacións
e da Sociedade da Información**

Durante todo o mes de maio, a Consellería de Innovación e Industria, promove, en colaboración coas universidades, empresas tecnolóxicas, asociacións profesionais e entidades culturais comprometidas co acceso democrático ás novas tecnoloxías, a través do software libre, unha serie de actuacións para dar a coñecer as posibilidades que a rede nos achega para a normalización da nosa lingua e a difusión e creación cultural no noso país. **Participa.**



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información

www.maisinternetmaisgalego.org



A party-cipación avanza

XGN recibiu 38.000 visitas ó longo de tres xornadas de rede ininterrompida

F.S.

Xuventude Galiza Net ten o poder de manterse sempre nova. Cada ano, este xornalista que escribe desprázase ata o Palacio de Congresos e Exposicións de Santiago e ten a crenza de que os asistentes son cada vez máis novos. Ou será que el é cada vez máis vello e está cada vez máis fóra de lugar? E, amais, sente que todo se complica cando pensa no que avanza a tecnoloxía. Hai que ser moí mozo para estar ó tanto de todo, absolutamente de todo, e non perder a cabeza. Novos programas, novos servizos, novas cámaras fotográficas. Todo avanza á velocidade do raio. Incluso a participación. Este ano 2006, Xuventude Galiza Net (organizada pola Dirección Xeral de Xuventude da Vicepresidencia) contou con máis visitantes ca nunca. Ata 38.000 persoas pasaron polo recinto compostelán, segundo cálculos da organización.

Todo un éxito, que sen embargo non fixo máis que contribuír a esa sensación de que os vellos somos, de xeito inevitable, cada vez máis vellos. Pero esas son as regras do xogo: xa contabamos de antemán co rebumbio, coa música, co baile, cos xogos, cos concursos, co compañeirismo e a solidariedade que se atopa novos, con ese ir e vir polos corredores de computador en computador, con ese aire de acampada baixo teito

e con computadores, coa sensación de que as cancións arredor da fogueira foron substituídas por presentacións de *modding*, software libre e accesibilidade. Sexa como sexa, e malia o rebumbio inevitable, foi unha reunión exemplar. Así o soubo ver tamén o vicepresidente Anxo Quintana, no segundo día do encontro, logo de comprobar *in situ* a evolución das actividades e a participación. “*As novas tecnoloxías respiran solidariedade*”, comentou cos medios, xa na saída, “*e hoxe en día, cada vez que se fala de xuventude pénsase en mala educación, violencia, ruído; mais eu veño de entrar nunha sala onde había 1.000 persoas reunidas e nin sequera escoite unha palabra máis alta cá outra*”, manifestou. Ó seu xuízo, esta xuntanza é a proba vivinte de que tódolos valores negativos que se lle atribúen á mocidade son cen por cen falsos. Neste sentido, Quintana fixo alusión ó apoio amosado polos asistentes ás diversas propostas sociais que a organización quixo incorporar nesta convocatoria. É dicir: onde a Dirección Xeral quixo que se falase de accesibilidade ás redes para persoas discapacitadas, emprego do galego e software libre, os participantes entraron de cheo no debate. Sexa como sexa, malia tódolos aspectos positivos desta *party*, cómpre salientar unha nota negativa máis, amais desa coa que abrimos esta crónica e

que fai referencia a ese poder de Xuventude Galiza Net de facer que os vellos se sintan máis vellos do que son.

Falamos da alta (altísima) porcentaxe de participación masculina. Xuventude Galiza Net, que segundo algúns asistentes ben se puído ter chamado Homes Galiza Net. Cal pode ser o motivo de que apenas vaian mozas ás *partys* informáticas? Este xornalista puído comprobar a realidade á que aludiu a organización horas antes da apertura das portas: nove de cada dez rapaces inscritos na xuntanza eran homes (a porcentaxe de mulleres foi do 11%). Neste sentido, Anxo Quintana foi claro ó respecto: hai que traballar arreo co fin de paliar este desequilibrio, sobre todo tendo en conta que as novas tecnoloxías son un factor indispensable de igualdade.

Así e todo, malia esta escasa concorrencia feminina, Xuventude Galiza Net foi un espazo integrador onde case non houbo ninguén (mozos e mozas) que non amosase vontade de compartir, de escoitar e de moverse dunha actividade a outra no recinto. Dicar que foi un fervedoiro de coñecementos que se transmitían dun computador a outro _e de boca a orella_ sería se cadra quedarnos curtos, a medio camiño de todo. E cómpre sinalar que algúns dos participantes tiñan algo máis ca un simple computador para recibir información. De feito, a este que escribe chegoulle o ruxerruxe de que había entre os computadores un equipo cun *tera* e medio de memoria. Isto só pode significar unha cousa para a moderadamente comprimida amplitude de miras deste cronista: nese equipo había moita información para dar e moito espazo para recibir, e probablemente non todo o tráfico de datos rexistrado puído ser do agrado da SGAE.

Entendámonos: é posible afirmar que nun encontro como Xuventude Galiza Net todo o mundo vai respectar as regras do xogo que máis satisfacen ás sociedades que protexen os dereitos de autor?

Alguén pode dar unha resposta afirmativa á anterior pregunta? Porén, non queremos pechar este capítulo de XGN cunha imaxe parcial da cuestión. Tal e como nos contou Rubén Cela, director xeral de Xuventude, “*é evidente que se pode producir un emprego pouco axeitado destes medios postos a disposición dos internautas, pero o que cómpre facer neste caso é centrarse nos principais atractivos da party, que son os seus aspectos formativos e lúdicos, o enriquecemento persoal, o intercambio de experiencias entre mozos e mozas que comparten afeccións e inquedanzas*”.

A actividade foi un dos elementos máis salientables da XGN. Este xornalista, no fondo da súa mente (da súa amplitude de miras en ocasións decrecente), agardaba _un ano máis_ un encontro máis ben estático onde cada participante estivera sentado perante do computador, sen falar apenas, concentrado na pantalla. Mais

a realidade desbordounos, nos corredores do encontro, alí onde se concentraban os mozos e mozas inscritos. Dito doutro xeito: XGN non consiste en coller unha cadeira e sentar, deixando que pase o tempo da maneira máis indolente posible. Non, está claro (quedounos claro, por fin) que unha *party* informática destas características é un ir e vir, unha festa ininterrompida onde non é de estrañar que apareza de cando en vez un mozo semidifrazado, un museo do computador onde as obras expostas tócanse, manipúlanse e empréganse. En eventos coma este, contrarréstase o que hai de individual no acto de conectarse ás redes. É dicir, en XGN ves a face da persoa co que *chateas*. E, amais, veslle tamén o computador.

Neste sentido, outro dos aspectos máis salientables do evento foi o que tivo de mostra de equipos informáticos personalizados. De feito, puidemos rastrexar que hai certo pique entre *modders* nestes ambientes, e que todo *modder* fala do seu computador coma se fose un vello compañeiro de troula, con certo nivel (variable) de afectividade. Exemplos de *modding* vimos moitos, aínda que é verdade que agardabamos ver máis. Innovadores sistemas de refrixeración interno, pantallas de plasma incorporadas ó envoltorio do computador, luz ultravioleta. O abano de incorporacións é amplo, como puidemos ver nos coloquios organizados sobre o tema, nos que participaron asistentes a XGN acompañados das súas “criaturas”. Nunha destas sesións, a que se celebrou o venres 7 de abril polo serán, atopamos computadores con feitura demoníaca e infernal (un equipo de cor negra cunha caveira de plástico que serve de base no frontal e cunha luz laranxa que sae dende as entrañas como lumes sobrenaturais) ou equipos con minicadea musical incorporada (o seu dono, que antes tiña os dous elementos separados, decidiu integralos por cuestións de comodidade, agás no que se refire ós altosfalantes, que seguen habilitados fóra do conxunto). Logo, na propia intranet, os computadores máis e mellor personalizados ocupaban espazos de honra, onde tódolos interesados puideron tomar notas para garanti-lo éxito en vindeiras edicións deses aparellos que, en eventos coma este, viaxan case sempre en carriños da compra: os equipos informáticos. Xuventude Galiza Net 2006, que durou tres días, serviu tamén para afondar un pouco máis nas habilidades dos inscritos e os organizadores á hora de instala-los equipos daqueles: unha hora despois de que abriera as súas portas, estaban en rede practicamente tódolos mozos inscritos. A eles, ós mozos inscritos e (tamén) ós que non tiveron oportunidade para inscribirse, lles dedicou Anxo Quintana as seguintes verbas, a media tarde da segunda xornada, logo de vitalos e falar con eles: “*Xuventude Galiza Net sempre foi unha boa idea*”.

Rubén Cela:
“É evidente que se pode producir un emprego pouco axeitado destes medios postos a disposición dos internautas, pero o que cómpre facer neste caso é centrarse nos principais atractivos da party, que son os seus aspectos formativos e lúdicos, o enriquecemento persoal, o intercambio de experiencias entre mozos e mozas que comparten afeccións e inquedanzas”

A Estrada Dixital

faise máis "dixital" coa inauguración de novas instalacións e servizos

REDACCIÓN

A Estrada Dixital espállase. Este proxecto, que vai orientado a leva-las redes a tódolos currunchos do concello e a todo aquilo que constitúe o día a día dos seus habitantes, vén de medrar coa apertura de varias instalacións e servizos novos,



A aula multimedia acolheu un acto oficial por videoconferenza

este mércores día 10. Manuel Xosé Fernández, director xeral de Comunicación Audiovisual, foi o encargado da inauguración (vía videoconferenza dende A Coruña: vantaxes da tecnoloxía) da aula multimedia da vila, ubicada no edificio de usos múltiples da Estrada. O acto serviulle para cualificar de "pioneiro" a este proxecto do concello pontevedrés no que se refire á divulgación das vantaxes e usos das novas tecnoloxías. A xornada de inauguracións prolongouse máis tarde coa apertura do Centro de Procesamento de Datos (o CPD) e a posta en marcha oficial do Sistema de Comunicación

de Protección Civil. Tanto o CPD como o servizo de comunicacións foron obxecto de demostracións prácticas, nas que participaron representantes dalgúns das entidades públicas e privadas que colaboran no proxecto: Deputación de Pontevedra, Caixa Galicia e, loxicamente, Concello da Estrada.

Aula multimedia da Estrada

O espazo esta integrado por dúas salas: a sala web e a sala audiovisual, onde se levan a cabo as videoconferencias. A primeira delas conta con quince equipos informáticos e a segunda cunha pantalla táctil dende a que se manexa a pantalla central, as cámaras web, as luces e os micros. A infraestrutura da sala web permitirá que o mestre que imparta clases dende outras aulas da rede do Centro Multimedia de Galicia (CMG) poida entrar nos escritorios dos alumnos. Asemade, existen redes de interconexión entre os dous espazos da aula multimedia, polo que se poden seguir videoconferencias dende as dúas estancias. Cómpre sinalar que a aula está operativa dende 2003, e que xa participou en máis de 240 cursos, que supoñen máis de 4.000 horas de formación.

Centro de Procesamento de Datos (CPD)

Está instalado no mesmo lugar cá aula, no Edificio de Usos Múltiples da Estrada. Ten tres armarios RACK e é "o centro neuráxico de tódolos servizos que achega A Estrada Dixital, como por exemplo os servizos de teleadministración", segundo informaron os responsables do devandito proxecto. Dispón de once servidores Blade e outro servidor de xestión. Está conectado por ligazón co CPD do Centro Multimedia de Galicia. As comunicacións do edificio e as que pasan pola torre de comunicacións (habilitada na cuberta do edificio) están centralizadas no CPD, "o que fai que sexa doado amañar calquera tipo de incidencia". Neste centro estarán centralizados tódolos servidores de provisión e



Demostración da cámara de visión térmica de Protección Civil

de xestión da futura rede sen fíos que dará acceso a Internet a tódolos estradenses.

Sistema de Comunicacións e Mobilidade de Protección Civil

As novas tecnoloxías van abríndose camiño en tódolos escenarios da vida urbana. A xuízo da Estrada Dixital, o equipamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil San Paio vai estar, a partir de xa, na vangarda das novas tecnoloxías. Como vai ser posible isto? Sinala o proxecto estradense que coa posta en marcha dos sistemas que citamos a continuación, que levan consigo un orzamento de 30.000 euros:

- Centraliña de telefonía dixital, que permitirá rexistrar e mesmo gravar as chamadas.

RACK de Comunicacións Portátil. Este sistema, instalado nun vehículo ou noutro soporte, serve para que os membros do grupo se poidan comunicar en zonas carentes de cobertura, mesmo nun radio de vinte quilómetros.

- Cinco navegadores GPS, que se instalarán noutros tantos vehículos.

- Cámara de visión térmica. Este dispositivo é, segundo A Estrada Dixital, "un dos máis modernos sistemas para intervir en incendios urbanos e que ofrece a posibilidade de detectar o foco do lume e mesmo persoas que poidan estar dentro do inmovible".

Máis datos en www.aestradadixital.org



Apertura do Centro de Procesamento de Datos

As Pontes e Vilalba conclúen o comezo de Vilas Dixitais

O proxecto Vilas Dixitais, unha iniciativa que forma parte de Cidades Dixitais (igual que A Estrada Dixital, da que falamos nesta mesma páxina) e que está integrada por As Pontes e Vilalba, vén de entrar de cheo nunha fase decisiva do seu desenvolvemento. Así se fixo saber hai unhas semanas na inauguración de dous telecentros (puntos de acceso público a Internet no rural), o primeiro en Santaballa (Vilalba) e o segundo en Somede (As Pontes). A apertura oficial destes centros correu a cargo da Comisión de Control e Seguimento de Cidades Dixitais de Galiza, da que forma



parte o director xeral de Comunicación Audiovisual, Manuel Xosé Fernández. O equipo, integrado por membros do Goberno central, da Xunta de Galiza e dos Concellos que están incluídos no proxecto, tamén se dedicou a avaliar a evolución de Vilas Dixitais, que foi posto en marcha en 2004 e que chega agora ó punto e final da fase preparatoria (fin do comezo). A inauguración dos puntos de acceso foi acompañada de demostracións de conexión á Rede, e aproveitouse para facer fincapé nas vantaxes da mesma para tódolos veciños. Segundo informou a Xunta, as actuacións levadas a cabo en Vilalba e As Pontes ascenden a 978.225 euros de orzamento, dos que foron financiadas polo Ministerio un 33 por cento (325.728 euros), a Secretaría Xeral de



Comunicación o 13 por cento (126.766 euros), case 200.000 euros polos dous concellos implicados, así como unha importante achega de empresas e operadores de telecomunicacións (325.731 euros).


Por certo, cómpre lembrar que os portais cidadáns aspontes.net e vilalbadixital.net están plenamente operativos, e que neles xestiónase o emprego e recíbense as consultas de 25 telecentros de Vilalba e 11 das Pontes de García Rodríguez.

www.vilasdixitais.org www.vilalbadixital.net www.aspontes.net

LIBERDADE

PARA AS TÚAS MANS
Esquécete do mando a distancia

**Na nosa televisión,
o Día das Letras Galegas
celebrase todo o ano**



GRUPO CÓDIGO CERO COMUNICACIÓN S.L.

CódigoTV
a televisión local en galego


publicidade@codigotv.com 981 936 324

código
televisión

Microsoft, en vivo

**A multinacional puxo en marcha a
estratexia Live, coa que renova a
faciana de tódolos seus servizos en
Internet, incorporando
outros novos**

Eliminación de xanelas emerxentes, máis integración dos servizos, posibilidades de “decoración” e emprego personalizado, apertura á participación de mans alleas. Estase a falar moito das novas ferramentas Live de Microsoft, e é posible que se estea a falar de máis, como soe acontecer coas novidades que aínda están en proba ou que non tiveron estrea oficial. Mais no Live non opera tanto o factor ruxerruxe coma no Windows Vista (o vindeiro sistema operativo da casa de Redmond), sobre todo porque moitos usuarios xa puideron ollar con lentes de aumento algunhas das novas propostas do Live, como o Live Mail, o servizo que substitúe (e non foi sen tempo) ó Hotmail, e que pon ó alcance dos usuarios 2 GB de capacidade de almacenamento e posibilidades de personalización. Falamos do Live, unha nova proposta que probablemente non vai reconciliar ós máis críticos coa empresa pero que si semella provir dun certo cambio de rumbo da multinacional, unha vontade de preguntar: “E vós que opinades?”



Unha mostra da nova face do Hotmail

REDACCIÓN

Se a traxectoria de Microsoft fose comparable á vida dun deportista, poderíamos dicir que neste intre está tentando poñerse en forma logo de que acontecese o inesperado: a aparición de competidores directos que, nalgunhas probas moi concretas, conseguen adiantar o peito ou a cabeza na liña de meta. A revista Forbes di que Microsoft estivo metida estes anos nunha certa “crise de mediana idade”, e que isto é causa e (ó mesmo tempo) consecuencia da perda de presenza no negocio de Internet, onde están a facer moito rebumbio

Google e Yahoo, contrincantes que levan anos baseando os ingresos en publicidade vencellada ós contidos que os usuarios consultan. Desta circunstancia é de onde semella abrollar a proposta Live, que se compón de diversas ferramentas para ser empregadas en Internet, algunhas das cales xa se poden usar en Europa (prevese que a partir do verán estean todas accesibles e que sexan obxecto de actualizacións cada tres meses).

A presentación destas ferramentas en España e noutros países do entorno correu a cargo, os pasados días, de Phil Holden, responsable dos novos produtos. Nos actos celebrados buscou un diálogo cos usuarios e cos desenvolvedores que estiveran en posición de achegar ideas e valoracións, fosen positivas ou decididamente negativas, sobre os novos servizos. Un destes servizos (están todos en *beta*, en probas) foi o **Windows Live Mail**, que é a nova face do Hotmail, a adaptación ós novos tempos dun subministrador de contas de correo que (digámolo ben claro) estaba a sufrir un “baixón” nesta carreira *on line* entre certos grandes “deportistas” por ver quen acapara máis usuarios e consegue máis ollos para ver as súas insercións publicitarias. Dito doutro xeito: o Hotmail estaba a ser “traizoado” por moitos fieis ós que xa non lles chegaba o almacenamento proposto e que querían máis espazo para gardar as fotos, cancións e textos recibidos.

En Código Cero, a través dun usuario da redacción ó que lle chegou a proposta de pasar ó Live, tivemos a posibilidade de probar a nova ferramenta de correo, e o que podemos ver foron os seguintes puntos salientables:

- Ten unha feita semellante (pero non tanto) ó cliente de correo electrónico Outlook. O feito de que se pareza non pode ser interpretado como un plaxio, posto que ámbolos produtos proveñen da mesma casa. Ou sexa, que o raro sería que non se pareceran.

- O Live Mail, como tódolos produtos que Microsoft dirixe agora a Internet, ten niveis de personalización. Ou sexa, que lle podemos poñer aquí ou acolá unha capa de pintura ó noso gusto, cambiar o deseño e o tamaño das formas na pantalla.

- Ten 2 GB de capacidade de almacenamento.

- Permite o arrastre de elementos.

- Ves os contidos dos correos electrónicos recibidos e enviados sen necesidade de saír da pantalla de inicio, ou sexa que aparece todo xunto e integrado, a bandexa de entrada e os correos recibidos, con posibilidade de visualizalo todo dunha tacada.

- Permite xestionar contas doutros servizos como Gmail ou o correo web de Yahoo!

- Posibilita acceder ós fíos RSS ós que se está subscrito.

- Elimina o correo non desexado cunha frecha orientada cara a abaixo que se cliquee.

- Cando buscas un contacto, nada máis poñer a primeira letra, aparece unha listaxe de posibilidades


Outra das grandes apostas de Microsoft dentro do seu paquete Live (para máis datos,



O Live Local ofrece imaxes sorprendente de cidades como Seattle

compre acceder a Live.com) é a mensaxeiría instantánea. Aproveitar as posibilidades do clásico MSN Messenger case parecía unha obriga, máis ca unha aposta de risco, sobre todo tendo en conta que o servizo ten acadado cifras dignas de ser tidas en conta: 800 millóns de minutos de sesións de voz, e 1.100 millóns de minutos de conversa.

De feito, cando moitos usuarios das redes pensan nos servizos *messenger* pensan, de xeito inevitable, no servizo de Microsoft (vímolo máis veces no mercado, ó longo da nosa vida, como acabamos por denominar a un produto desenvolvido por moitas marcas polo nome dunha desas marcas). O **Windows Live Messenger** vai dirixido a ser o principal reclamo do paquete Live para os internautas, o motor e o combustible. Polo que xa se puído saber, o servizo estase a abrir á comunidade de usuarios de Internet e (previamente) á de desenvolvedores. Neste intre, mentres se redactaba este texto, estaba dispoñible para PCs correndo sobre Windows, e unicamente se podía baixar co Internet Explorer. A nova faciana do servizo de mensaxeiría instantánea integra o MSN Vídeo e lle saca punta ó servizo de voz sobre IP. Tamén permite enviar mensaxes fóra de liña, é dicir que non é preciso que os nosos contactos estean en Rede para que reciban textos ou todo de arquivos (iso si, recibíranos cando se conecten). Amais, pódense compartir arquivos vía FolderShare. Sexa como sexa, se cadra o máis salientable é o servizo de voz, o que significa que se incrementan as posibilidades de falar con outros internautas de balde, logo das vantaxes postas ó noso alcance polo Skype. Do mesmo xeito que o Live Mail, o Live Messenger achega posibilidades de personalización, podendo crear tarxetas de contacto ou cunha oferta ampliada de desenvolvemento de blogs.



De novo Seattle, vista como a vería un paxaro

As buscas en Internet

Nas buscas é, se cadra, onde máis terreo cedeu Microsoft, ou onde máis pensa que cedeu. Yahoo! e, sobre todo Google, están metidos de tal xeito na vida dos internautas que xa hai quen busca información publicada na súa propia web nestes buscadores. Isto equivale a recoñecer

que estamos a facer xiros imposibles nas pescudas internautas, como chamar a Estados Unidos para que nos digan quen vive debaixo do noso piso. Mais non é da “googleización” da nosa sociedade do que queremos falar, senón dos intentos de Microsoft por poñerlle freo á súa perda de presenza en Internet no terreo das pescudas. É nesa liña onde se sitúa o **Live Search**, un buscador que, entre outras cousas, permite ve-las novidades e actualizacións que se teñan producido no universo Web dende a última vez que buscaches por algo concreto nese universo Web. E tamén:

- Permite facer pescudas recorrentes.
- Na procura de noticias, ofrécese a posibilidade de visualizar un extracto delas sen ter que abandonar o entorno de páxina.

- Podes facer buscas combinadas mediante distintas categorías que incorporan imaxes, novas, contidos RSS, enderezos de correo electrónico, compras ou buscas locais.

- Na liña dos restantes produtos do Live, a publicidade que saia estará dentro dun contexto. É dicir: terá algún tipo de vencello co que estamos a procurar.

O mundo en 45 graos

O MSN Virtual Earth tamén dá un novo xiro na súa feita, converténdose agora en algo igual pero distinto. Estamos a falar do Windows Live Local, servizo de busca e mapas locais que, igual cós seus “irmáns” aínda se atopa en fase *beta*. Unha das grandes novidades é o *street side*, un sistema de visualización que se parte en dous: por unha banda temos a parte superior da pantalla, onde se ven imaxes dos espazos procurados a pé de rúa e, pola outra, a zona inferior, onde se permite navegar empregando diferentes modos de visualización (en automóbil deportivo, de carreiras e a pé). Polo de agora, só se pode desfrutar de visións de Seattle e de San Francisco empregando esta ferramenta, e é moi posible que cando este texto se poida ler en calquera punto de Galiza haxa máis opcións de visita en chave *street side*. Cómpre sinalar que Live Local incorpora mapas, visión aérea de satélite e vista de paxaro, que non ofrece unicamente vistas dos tellados senón cun lixeiro escorzo, substituíndo os 90° clásicos dos satélites polos 45° que son os que teríamos en caso de ser aves voando por enriba das cidades.

Táboa de anuncios (mércame, véndeme)

Live Expo, que non está dispoñible en Galiza aínda nin en versión *beta*, consiste nunha táboa de anuncios virtual que se pode empregar para mercar e vender todo tipo de obxectos, mais non se trata dun espazo web de subastas. Unicamente se puído usar en Estados Unidos, pero xa puídemos saber que se pode integrar no servizo de contactos que teñamos no MSN Messenger, e deste xeito podemos comunicarnos pero tamén saber de primeira man que é o que venden ou mercan os restantes usuarios.



<http://www.flickr.com/photos/ulisesjorge/141543597/>

Canto vale ser o primeiro?

Cando os buscadores son unha das principais vías de entrada de visitas á meirande parte de webs, ter unha posición salientable para as buscas relevantes é un dos principais xeitos de acadar tráfico. E un dos máis baratos.

David Lombardía
david@elvilmetal.com

Na actualidade, os buscadores son unha das ferramentas máis empregadas da Web, en boa medida porque a inxente cantidade de información dispoñible fai que sexa dificultosa a tarefa de atopar a máis axeitada. Deixando aparte a existencia de información e contidos non catalogados polos buscadores a denominada *Internet Oculta*, as ferramentas de pescuda son unha das principais vías de

entrada a moitas páxinas. Isto fai preciso que toda empresa que opere en rede sexa consciente da importancia que unha axeitada xestión do posicionamento nos buscadores ten no trasfego da súa web, a calidade do mesmo e a repercusión nos seus ingresos, se ben é certo que non tódolos negocios teñen o mesmo perfil e non buscarán, polo tanto, o mesmo tipo de resultado.

Así, dependendo da tipoloxía do negocio, un posicionamento determinado pode ser relevante ou non. Pensemos no caso da

web dun negocio tradicional, que probablemente se conformará con que ó teclear o seu nome en calquera buscador, apareza nas primeiras posicións a súa web _é dicir, con que o usuario poida “localizar a súa web”. Un sitio de comercio electrónico, porén, tal vez teña un obxectivo máis ambicioso, como poida ser o que as distintas páxinas de produto da súa tenda aparezan ben posicionadas cando o navegante busca información acerca dun produto en concreto, mentres que unha páxina puramente de contidos desexará que os artigos que publica aparezan ben posicionados ó procurar información sobre os temas que se tratan. En calquera caso, parece claro que, lonxe de “aparecer” nos buscadores, unha tarefa que _malia que algunhas empresas a sigan a ofrecer e a cobrar por ela_ non implica ningunha complicación grazas ós robots dos distintos buscadores e que, na súa sinxeleza, é por suposto imprescindible _seguro que o lector coñece a algunha desas persoas que adoita a entrar á meirande parte de webs tecleando o nome en Google en troques de na barra de enderezos do navegador. O interesante sería, polo tanto, que a web en cuestión aparecese en bo lugar, xeralmente as primeiras posicións, para o que poderíamos chamar as “buscas relevantes” de cada sector ou empresa en particular.

Non resulta doado, polo tanto, determinar cal pode ser a priori o valor dunha visita, e, polo tanto, canto vale ser primeiro, malia que as estatísticas nos amosan que un gran número das visitas que se producen ás páxinas proveñen dos buscadores e que, dentro dos buscadores, un deles lévase a palma en canto a usuarios, o que debería facer que fosemos máis coidadosos á hora de optimizalas páxinas para os buscadores. De feito, dada a enorme importancia que un bo posicionamento nos buscadores _e especialmente nalgún deles_, ten xurdido nos últimos tempos unha actividade cada vez máis en alza, coñecida como *SEO* (*Search Engine Optimization* u *Optimización para Motores*

de Busca). Así, coñecer en certa medida as calidades que os buscadores valoran nos sitios á hora de indexalos e asignarlles unha posición resulta de gran axuda á hora de posicionar unha web, e unha boa xestión dos mesmos pode redundar en grandes beneficios para a web. Un bo punto de partida témolo no tutorial de posicionamento web presente na web *Dirson.com*, á que lle vén funcionando á perfección, pois non en van acadou que a súa web especializada en novas, foros e información sobre o buscador Google, sexa o primeiro resultado que non pertence ó dominio do buscador cando se procura “Google” no propio buscador. Cando facer “internamente” o proceso de optimización para ferramentas de pescuda dunha páxina resulta difícil, é posible recorrer a algún dos profesionais ou empresas que ofrecen os seus servizos de posicionamento ou *SEO*, pero sempre tendo en conta que os buscadores _e especialmente Google_ non só valoran as boas prácticas en deseño, senón que penalizan _ás veces de xeito moi severo_ outras que tratan de *inflar* de maneira arbitraria o posto dunha web, polo que é preceptivo andarse con ollo á hora de contratar servizos de posicionamento dunha web para evitar que a nosa páxina sexa vítima de estratexias penalizadas, como as *linkfarm* ou *granxas de links*, ou o emprego de texto oculto.

O propio buscador ofrece ós *webmasters* preocupados polo posicionamento da súa web que se proponían contratar os servizos dun *SEO*, unha serie de recomendacións moi interesantes en <http://www.google.es/intl/es/webmasters/seo.html>.

Tamén ofrece na súa sección para *webmasters* (<http://www.google.es/support/webmasters/>) unha interesante guía de comportamento e deseño que axudará a acadar bos resultados á hora de optimizar a web para as ferramentas de pescuda. E é que unha boa posición nun buscador pode valer o seu peso en ouro.


DECÁLOGO DA OPTIMIZACIÓN

- 1.- **Deseño limpo** Procurar un deseño limpo é un bo punto para comezar. Os buscadores non gustan de engadidos de de máis (a web de Google é un bo exemplo).
- 2.- **Estrutura clara** Unha estrutura web clara, onde os contidos sexan doados de acceder con poucos clics, será máis sinxela para os usuarios e buscadores.
- 3.- **Contidos estruturados** O emprego de técnicas de formato que distingan a importancia e que estruturen os textos (os *heading*, listaxes, etc) son ben valorados.
- 4.- **O valor das META-TAGS** As palabras chave, a definición da páxina e o título son moi importantes para os buscadores. Deben ser relevantes e axeitados.
- 5.- **O contido, o máis importante** Os buscadores, polo xeral, non *leen* determinados formatos, como os arquivos Flash, ou as imaxes, así que o texto vai nunha imaxe... ós ollos do buscador, é coma se non existira.
- 6.- **Acada ligazóns** As ligazóns que dirixen a unha web son un bo indicador da súa popularidade e máis se veñen de webs con máis *prestixio*.
- 7.- **Evita as “granxas de links”** son sitios que ofrecen ligar a túa web de balde ou mediante un pago. O seu baixo ou nulo contido fai que poidas até acadar o efecto contrario ó desexado.
- 8.- **Non tentes enganar ó buscador** Incluír texto oculto para os lectores co fin de que o buscador o indexe é unha táctica penalizada.
- 9.- **Emprega a etiqueta “ALT”** O texto alternativo dunha imaxe dálle ó buscador información do que hai nela.
- 10.- **Usa con intelixencia as ligazóns** O “anchor” da ligazón achega información acerca do que se liga. Asemade, se as ligazóns internas están ben construídas, o buscador vaino valorar.

nova@económia

Máis información en
www.elvilmetal.com

E3: os tres camiños do lecer electrónico



MARCUS FERNÁNDEZ

A Electronic Entertainment Expo (E3) que se celebra este ano en Los Angeles é a feira de videoxogos máis importante a nivel mundial, que este ano contou con dous asuntos que están a ter moita cobertura mediática:

1- As azafatas que están nos distintos expositores teñen que cumprir cun código de vestimenta, polo que deixan de ser unha atracción en si mesma (xa que as mozas do E3 eran todo un fenómeno no mundo dos videoxogos).

2- A consolas de videoxogos de



nova xeración amosaron as súas armas para este ano.

O que queda claro é que por fin as empresas que se dedican ó sector do lecer que máis cartos move nos últimos anos (superando ó cine e á música) amosan as súas cartas, de xeito que podemos albiscar o que chegará ás tendas de todo o mundo antes do Nadal, cando se decidirá qué compañía reinará no panorama das consolas de videoxogos domésticas.

A nova xeración de consolas parte da Xbox 360 de Microsoft, que xa está no mercado, polo que está a tomar posicións de importancia, mentres que os seus competidores contraatacan dende distintos ángulo, de xeito que Sony traerá unha PS3 cunha



potencia abraiante que se pode ver eclipsada polo seu elevado prezo e Nintendo empregará xogos imaxinativos e aditivos para atraer ó seu público potencial que sabe o que a compañía nipona é capaz de facer con consolas cunha suposta inferioridade tecnolóica.

Sony: a PS3

O Sony que comezou a facer anuncios sobre os seus novos produtos, e aínda que a PlayStation 3 xa levaba moito tempo anunciada, nesta ocasión podían verse prototipos operativos e multitude de imaxes de xogos que acompañarán ó seu lanzamento, que será o 11 de novembro no Xapón e o 17 de novembro no resto do mundo.

A nova consola venderase en



dous paquetes, dependendo da capacidade de disco duro incorporada, de xeito que custarán 499 e 599 euros os modelos de 20 e 60 Gb respectivamente. Este prezo pode ser un grande freo para a rápida adopción da consola que parecía a favorita do público, polo que a Xbox 360 ten moitas cartas para converterse nunha consola de transición mentres a PS3 non reduza o seu prezo (algo que presumiblemente acontecería antes do verán de 2007).

Este lanzamento de Sony non só situará un novo competidor no mercado das consolas, senón que tamén marcará as posicións de boa parte da industria da electrónica de cara á carreira de sucesión do DVD, xa que a PS3 incorporará un reprodutor de Blu-ray, mentres que Microsoft aposta por unidades HD DVD, o que creará unha guerra de formatos que podería decidirse a través das consolas de videoxogos.

Nintendo: a Wii

O fabricante nipón reconecido polo popular Mario e mailas consolas portátiles como a GameBoy pretende retomar un lugar no mundo das consolas recreativas que non ten dende a súa SuperNintendo (unha das consolas de videoxogos de máis éxito da historia) e o



quere facer unha revolución á que chaman Nintendo Wii.

A nova consola xa ten uns 27 xogos listos (coma *Super Mario Galaxy*, *Dragon Ball Budokai Tenkaichi 2* ou *Final Fantasy Crystal Chronicles*), que presentaron durante o E3, para que a xente se faga unha idea do que traerá o novo produto que anima ós fabricantes a dar unha visión distinta dos xogos a través dun revolucionario controlador de xogo que integra sensores de movemento e altofalantes, o que permite xogar non só movendo a panca dun joystick, senón movendo o propio mando en tódalas direccións, de xeito que podería servir para xogos de loita, de tenis, de pesca... e moitos outros usos que aínda están por ver e que podería marcar a diferenza co resto de consolas que

das súas capacidade gráficas que achegan imaxes en alta definición que abraian a todos, senón que centrou a súa participación na feira anunciando novos periféricos e servizos, así como presentando os novos xogos que chegarán para a súa consola.

Por exemplo, para competir coa unidade de disco Blu-ray da PS3 venderán un lector de discos HD DVD para a Xbox 360 (que, polo momento, será un periférico externo) co que se poderán ver as películas de alta definición que saian para este formato, aínda que os xogadores está máis interesados en produtos coma un volante e uns pedais conectables á consola sen



fíos e que permite sacar partido ós xogos de condución que tan populares son.

Para os usuarios en rede, que gustan de comunicarse cos seus competidores, tamén lanzan uns cascos con micrófono (a xeito de mans libres Bluetooth para móbil) que permiten conversar a través de Xbox Live!, aínda que non se descarta que nun futuro puidesen empregarse para servizos de VoIP. Para os nostáxicos, Microsoft tamén lanza o servizo Xbox Live! Arcade, que rescatará títulos coma Pac-Man, Frogger ou Street Fighter II, e os que o pasaban ben co EyeToy de PS2 verán coma o Xbox Vision pode dar moito de si, de xeito que se pode integrar unha webcam nos xogos de xeitos insospeitados (coma un xogo de



póker que a emprega a cámara para detectar se os xogador está a marcarse un farol).

Sen dúbida, unha completa gama de novidades que dará moita vida á Xbox 360 durante os vindeiros meses, e que porán moi difícil a Nintendo e Sony entrar no mercado pese a ter marcar moi reconecidas no lecer electrónico.



Microsoft: a Xbox 360

Como a Xbox 360 xa está no mercado, Microsoft non tivo que convencer ó público do E3 da potencia da súa consola nin





SOFTGAL

desarrollo e integración de sistemas


soluciones e-business

ingeniería de sistemas, redes y comunicaciones

integración sistemas multimedia y audiovisuales

soluciones de almacenamiento

infraestructuras TIC



A Coruña

Santiago de Compostela

Vigo

Madrid

Lisboa

QUÉRELA? AQUÍ A TES.



PIAGGIO®

KIT DE SEGURIDADE



**CASCO + ANTIRROUBO
+ SEGURO PRIMEIRO ANO
INCLUIDO***

**E, DE PAGARES
COA VISA CLIP**



**5%
DE DESCENTO
NO PVP DA MOTO****

SÓ 25 AO MES*

 €

Infórmate nas nosas oficinas, en caixagalicia.es ou no 902 310 310

Oferta válida até o 30/06/2008. O PVP inclúe IVE e entrega en concesionario.
(*)TAE: 9,168% calculada para un préstamo de 1.593,88€ en 83 cotas mensuais. Tipo de xuro nominal anual 7,917%. Comisión de apertura 2% (mínimo 30,05€). Gastos de estudo 0,5% (mín.12,02€). Incluído o seguro da moto durante o primeiro ano para mases de 25 anos. (**) Prezo da moto sen seguro 1.299€

Autóricado por D.X.P.F.T.: 21/04/08



GALICIA NAVEGA
VUELTA AL MUNDO A VELA 2005-2006



CORREDURÍA DE SEGUROS
GRUPO CAIXAGALICIA

Oferta de financiamento de:



CAIXAGALICIA